



RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVIMENTO

5.1.
Capital humano

5.2.
Investigación e tecnoloxía

5.3.
Infraestruturas

5.1.

Capital humano

No presente capítulo, que se centra na análise da situación e medios dedicados á promoción do capital humano en Galicia, prestarase atención fundamentalmente á educación, tanto de réxime xeral como a universitaria.

O orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reduciuse no exercicio 2011 un 6,8%, catro puntos porcentuais menos que o orzamento consolidado da Comunidade Autónoma, acadando os 2.222,3 millóns de euros, o que supón o 22,9% do orzamento consolidado. O 60,9% do orzamento da Consellería está dedicado a gastos de persoal (1.353,2 millóns de euros), dos que a meirande parte pertencen a gastos de persoal dos programas de Educación infantil, primaria e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), e de Ensinanza secundaria e Formación profesional. Son precisamente eses dous programas os principais ámbitos de actuación en canto a volume de gasto, ao representar o 37,4% e 32,7% do orzamento da Consellería, respectivamente. Os programas destinados ao ensino universitario son os tercei-

ros en importancia, e acollen o 15,2% do orzamento.

Ensino de réxime xeral

Tal como aconteceu no curso anterior, e tendo en contra as estimacións para o curso 2011-12, Galicia experimenta no último curso lectivo un descenso do número de centros, mentres que o número de alumnos se incrementa. Nos 1.468 centros de ensino de réxime xeral, o número de alumnos matriculados foi de 352.190, un 1,1% máis que no curso anterior. Por contra, o número de profesores nos centros galegos diminuíu un 0,9%, acadando os 44.023 profesores.

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, os datos do **cadro 5.1.3.** indican que 8 de cada dez centros escolares son públicos. Con respecto ao curso anterior, no curso 2011-12 hai 17 centros públicos menos e, a diferenza do acontecido no curso anterior, se rexistra unha caída do número de centros privados (5 menos). Aos centros públicos asisten en Galicia o

Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2010-11: distribución dos créditos segundo programas e capítulos

	2010	2011					
	Total	Total	I	II	IV	VI	VII
					Capítulos		
					(en miles de €)		
Total	2.383.728	2.222.298	1.353.179	208.524	563.863	53.705	43.025
151A Fomento da lingua galega	17.515	11.095	1.844	152	1.670	6.688	741
421A Dirección e servizos xerais de educación	27.953	26.253	24.036	1.985	35	197	
422A Educación infantil, primaria e ESO	887.299	831.313	572.713	13.673	224.855	20.072	
422C Ensinanzas universitarias	362.327	337.775		209	304.069	2.029	31.467
422D Educación especial	33.934	34.872	21.698	800	11.356	1.018	
422E Ensinanzas artísticas	28.889	26.643	24.247	1.700	372	324	
422G Ensinanzas especiais	15.454	14.066	12.978	856	174	58	
422H Outras ensinanzas	937	616		320	251	45	
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	2.524	2.456		496		1.960	
422M Ensinanza secundaria e Formación Profesional	786.114	727.439	662.501	41.698	14.860	8.380	
423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza	190.883	184.254	16.082	146.635	5.921	4.798	10.817
423B Prevención do abandono escolar	23.347	18.333	17.080		300	953	
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento	6.544	7.179				7.179	
581A Elaboración e difusión estatística	9	4					4
621B Imprevistos e funcións non clasificadas	11,1						

Fonte: Xunta de Galicia

■ 5.1.1.

Alumnado matriculado 2010-11 e 2011-2012⁽¹⁾: distribución segundo ensino e titularidade do centro

	Total	Curso 2010-11			Total	Curso 2011-12		
		Centros Públicos	Centros Privados			Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Total	371.451				375.563			
Réxime xeral	348.266	249.087	85.292	13.887	352.190	253.123	84.893	14.174
Bacharelato ordinario	31.901	26.638	-	5.263	30.790	25.900	-	4.890
Ciclos formativos ordinarios	30.121	23.894	3.963	2.264	34.000	26.706	4.294	3.000
Educación infantil	65.763	45.463	18.802	1.498	66.771	46.629	18.696	1.446
Educación primaria	130.104	90.003	37.469	2.632	132.140	91.839	37.622	2.679
ESO	88.016	61.088	24.756	2.172	86.073	59.993	23.996	2.084
Programas de cualificación profesional inicial	2.361	2.001	302	58	2.416	2.056	285	75
Réxime de adultos	23.185				23.373			
Nivel I, Nivel II, Ed.Sec.Adultos (Nivel III)	9.870				9.102			
Oferta modular / Ciclos formativos	5.906				6.348			
Bacharelato	7.409				7.923			

(1) os datos do curso 2010-11 son provisionais; os do curso 2011-12 son estimacións
Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.2.

71,9% dos alumnos e imparten clase o 70,3% dos profesores.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso aumenta lixeiramente a rateo alumno/profesor, que acada os 8,00 alumnos en Galicia (7,84 alumnos no curso anterior). Esta relación é de 8,18 alum-

nos/profesor nos centros públicos e de 7,56 nos privados.

No que atinxe aos diferentes niveis educativos, continúa a medra do alumnado tanto nos centros de educación infantil, que acadan os 66.771 alumnos no curso 2011-12, como nos de educación primaria, con 132.140 alumnos. Nun caso e noutro,

Centros docentes en funcionamento 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Curso 2010-11			Curso 2011-12		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
Total	1.490	1.185	305	1.468	1.168	300
Educación infantil	182	165	17	171	154	17
Educación infantil e primaria (2)	663	637	26	659	633	26
Educación primaria e ESO (3)	171	70	101	172	70	102
ESO	39	35	4	39	35	4
ESO e ensinanzas postobrigatorias	221	213	8	213	205	8
Educación primaria, ESO e ensinanzas obrigatorias (3)	67	-	67	66	-	66
Ensinanzas postobrigatorias	103	46	57	107	53	54
Adultos (4)	6	4	2	5	3	2
Educación especial	38	15	23	36	15	21

(1) datos provisionais; soamente se inclúen os centros docentes en funcionamento que imparten ensinanzas de réxime xeral

(2) inclúense os centros que imparten soamente educación primaria

(3) inclúense os centros que, ademais das ensinanzas específicas, imparten o 2º ciclo de educación infantil

(4) inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.3.

Profesorado nos centros de réxime xeral 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino impartido e titularidade do centro

	Curso 2010-11				Curso 2011-12			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Profesores	44.437	31.480	5.317	7.640	44.023	30.953	5.321	7.749

(1) datos provisionais

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.4.

Alumnos por unidade / grupo 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino

	Curso 2010-11			Curso 2011-12		
	Alumnos	Unidades	alumnos / ud.	Alumnos	Unidades	alumnos / ud.
Réxime xeral	348.247	17.695	19,7	354.158	17.922	19,8
Bacharelato	31.901	1.383	23,1	31.448	1.327	23,7
Ciclos formativos / Módulos profesionais	30.102	1.389	21,7	31.973	1.497	21,4
Educación infantil / Educación primaria (2)	195.867	10.469	18,7	199.526	10.416	19,2
ESO	88.016	4.181	21,1	87.242	4.343	20,1
Programas de cualificación profesional inicial	2.361	273	8,6	3.969	339	11,7
Réxime adultos	16.238	620	26,2	18.449	616	29,9
Bacharelato	6.460	93	69,5	2.736	86	31,8
Ciclos formativos	7.385	206	35,8	6.802	250	27,2
ESO	1.006	231	4,4	7.505	192	39,1
Ensinanzas básicas iniciais	1.387	90	15,4	1.406	88	16,0

(1) datos provisionais

(2) os datos de Ed.infantil e Ed. primaria agrúpanse xa que existen unidades mixtas

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.5.

Taxa bruta de escolaridade 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino

Curso 2010-11

	poboación	alumnos matriculados	alumnos matriculados / poboación	alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo	alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación
	(2)	(3)		(4)	
Ed. Infantil	66.824	65.763	98,4	65.627	98,2
Ed. Primaria	127.778	130.104	101,8	126.663	99,1
ESO	82.602	88.016	106,6	77.683	94,0
Bacharelato	45.439	31.901	70,2	25.354	55,8

Curso 2011-12

	poboación	alumnos matriculados	alumnos matriculados / poboación	alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo	alumnos matriculados coa idade correspondente ao nivel educativo / poboación
	(2)	(3)		(4)	
Ed. Infantil	68.476	67.341	98,3	67.193	98,1
Ed. Primaria	129.899	132.185	101,8	128.702	99,1
ESO	82.518	87.242	105,7	77.436	93,8
Bacharelato	43.066	31.448	73,0	24.502	56,9

(1) datos provisionais

(2) datos oficiais do Padrón a 1 de xaneiro de cada ano; Educación infantil: poboación de 2, 3 e 4 anos a 1 de xaneiro de cada ano; Educación primaria: poboación de 5 a 10 anos; ESO: poboación de 11-14 anos; Bacharelato: poboación de 15 e 16 anos

(3) alumnos matriculados en cada un dos niveis educativos

(4) alumnos matriculados en Educación infantil con 3, 4 e 5 anos; en Ed. primaria con 6-11 anos; en ESO con 12-15 anos; e en Bacharelato con 16-17 anos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.6.

Abandono educativo prematuro nas CC.AA. 2005-10 ⁽¹⁾

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2010	2005	2010	2005	2010
			(%)			
Andalucía	37,9	34,7	43,6	40,3	32,1	28,7
Aragón	23,0	23,7	30,0	27,1	15,4	20,3
Asturias	20,1	22,3	25,0	26,6	15,1	17,9
Baleares	39,3	36,7	46,5	42,6	31,7	30,7
Canarias	30,5	30,4	34,2	37,0	26,6	23,5
Cantabria	21,8	23,9	26,4	30,1	16,8	17,4
Castela e León	25,7	23,3	31,2	27,3	19,8	19,2
Castela - A Mancha	36,5	33,2	44,2	42,7	28,2	23,0
Cataluña	33,1	29,0	40,7	34,6	25,1	23,2
C. Valenciana	32,1	29,2	39,6	33,3	24,4	25,0
Extremadura	37,0	31,7	44,6	38,5	28,7	24,3
Galicia	23,0	23,1	29,5	27,8	16,3	18,3
Madrid	26,0	22,3	28,3	26,3	23,6	18,4
Murcia	39,4	35,5	45,5	40,0	32,9	30,6
Navarra	18,4	16,8	18,6	23,4	18,3	10,1
País Vasco	14,5	12,6	18,7	13,3	9,9	11,9
Rioxa	29,0	28,1	38,8	27,7	19,1	28,4
Ceuta e Melilla	44,4	40,7	45,9	45,9	42,9	35,6
Total	30,8	28,4	36,6	33,5	24,9	23,1

(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 5.1.7.

Nivel de formación da poboación nova nas CC.AA. 2005-10 ⁽¹⁾

	Total		Homes		Mulleres	
	2005	2010	2005	2010	2005	2010
			(%)			
Andalucía	53,1	53,6	47,7	46,4	58,7	61,2
Aragón	70,8	67,2	63,5	62,4	78,6	72,1
Asturias	72,2	68,6	66,5	63,4	78,0	74,0
Baleares	51,9	49,7	44,5	41,4	59,6	58,3
Canarias	59,3	56,1	54,5	49,9	64,1	62,5
Cantabria	71,8	63,3	66,8	53,7	77,1	73,2
Castela e León	66,6	66,2	60,4	61,4	73,1	71,2
Castela - A Mancha	55,0	54,9	45,8	44,7	64,9	65,8
Cataluña	61,2	61,7	51,7	54,7	71,0	69,0
C. Valenciana	61,0	59,5	53,3	54,3	69,1	65,0
Extremadura	53,9	56,6	46,5	47,6	61,8	66,3
Galicia	69,2	66,9	61,4	59,2	77,3	74,7
Madrid	67,9	68,9	65,0	63,4	70,8	74,4
Murcia	53,0	56,2	44,6	48,5	62,0	64,5
Navarra	77,4	76,6	80,8	70,0	73,8	83,4
País Vasco	81,0	80,1	76,3	78,8	86,0	81,4
Rioxa	67,8	63,5	54,8	65,5	81,8	61,4
Ceuta e Melilla	46,2	42,9	42,5	34,5	49,1	51,7
Total	61,8	61,2	55,4	54,7	68,5	67,9

(1) poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de ensino secundario 2ª etapa

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 5.1.8.

Alumnos sen nacionalidade española nos cursos 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾:
distribución segundo ensino

	Curso 2010-11	Curso 2011-12
Réxime xeral	13.019	13.460
Bacharelato ordinario	615	699
Ciclos formativos ordinarios	825	837
Educación infantil	1.329	1.331
Educación primaria	5.664	5.546
ESO	4.348	4.756
Programas de cualificación profesional inicial	238	291
Réxime adultos	1.551	1.644

(1) datos provisionais

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.9.

aproximadamente o 70% dos nenos acude aos centros públicos de ensino. No que respecta á educación en réxime de adultos, aumenta lixeiramente o número de alumnos matriculados por mor da evolución dos alumnos en bacharelato e na oferta modular/ciclos formativos.

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores relativos ao nivel formativo acadado pola poboación: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. O 23,1% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou en 2010 (último dato dispoñible) o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

(28,4 % no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a quinta comunidade con menor abandono educativo, por detrás do País Vasco, Navarra, Asturias e Madrid.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 27,8% e 18,3%, respectivamente. A Comunidade Autónoma segue unha tendencia contraria á española no que respecta ao abandono educativo prematuro das mulleres, xa que entre os anos 2005 e 2010 esta porcentaxe descende en España e medra en Galicia.

Bolsas e axudas concedidas nas CC.AA. no curso 2009-2010: distribución segundo ensino e

	Total			Ensinanzas obrigatorias, E.Infantil e E.Especial			Ensinanzas post	
	Todas as Administraciones	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administraciones	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administraciones	M
Andalucía	778.689	388.726	389.963	362.975	15.851	347.124	209.315	
Aragón	32.130	24.866	7.264	7.959	1.875	6.084	8.272	
Asturias	89.005	88.428	64.375	64.483	64.483	63.798	11.268	
Baleares	32.295	29.888	2.407	19.481	17.328	2.153	5.258	
Canarias	161.306	80.160	81.146	76.287	9.871	66.416	40.768	
Cantabria	18.936	13.893	5.043	3.950	554	3.396	7.707	
Castela e León	337.011	150.451	186.560	252.446	73.029	179.417	30.647	
Castela - A Mancha	71.552	55.638	15.914	13.319	1.927	11.392	29.668	
Cataluña	274.013	265.011	126.723	142.864	141.711	118.874	40.137	
C. Valenciana	331.358	262.677	161.886	164.002	99.167	158.040	69.564	
Extremadura	119.572	116.273	70.588	69.216	68.353	68.152	23.427	
Galicia	169.454	156.613	68.596	60.243	60.243	55.755	51.405	
Madrid	615.011	387.698	466.409	473.288	250.444	461.940	39.941	
Murcia	80.101	71.166	8.935	30.197	24.107	6.090	21.228	
Navarra	22.240	16.921	12.681	9.475	8.053	8.784	5.012	
País Vasco	210.665	6.148	204.517	158.334	9	158.325	22.535	
Rioxa	8.834	5.908	2.926	3.125	1.463	1.662	2.690	
Ceuta e Melilla	12.363	12.363	0	9.565	9.565	0	2.798	
Total	3.420.066	2.187.369	1.876.923	1.921.209	848.033	1.717.402	621.722	

(1) número de bolsas e axudas; as axudas cofinanciadas polo Ministerio e as Consellerías ou Departamentos autonómicos, en virtude de convenios, contabilízanse tanto na columna do Ministerio como na columna das Consellerías ou Departamentos autonómicos, incluíndose unha soa vez

Fonte: Ministerio de Educación

■ 5.1.10.

Bolsseiros nas CC.AA. no curso 2009-2010: distribución segundo ensino e administr

	Total			Ensinanzas obrigatorias, E.Infantil e E.Especial			Ensinanzas post	
	Todas as Administraciones	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administraciones	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administraciones	Mi
Andalucía	435.795	196.366	239.429	207.505	9.199	198.306	137.412	
Aragón	22.359	15.215	7.144	7.322	1.238	6.084	5.459	
Asturias	77.456	76.910	64.344	64.297	64.297	63.798	6.931	
Baleares	23.994	21.589	2.405	17.255	15.102	2.153	3.055	
Canarias	120.664	44.884	75.780	74.702	8.286	66.416	27.845	
Cantabria	12.437	7.529	4.908	3.803	407	3.396	4.951	
Castela e León	298.761	113.668	185.093	251.096	71.679	179.417	19.626	
Castela - A Mancha	46.206	30.307	15.899	12.537	1.145	11.392	19.238	
Cataluña	202.225	193.730	126.216	131.677	130.524	118.874	23.698	
C. Valenciana	246.954	179.617	160.542	160.589	96.978	156.816	41.104	
Extremadura	95.596	92.618	70.267	68.796	67.933	68.152	14.274	
Galicia	115.032	102.295	68.492	58.421	58.421	55.755	32.840	
Madrid	554.217	327.649	465.664	469.898	247.054	461.940	25.849	
Murcia	55.671	46.750	8.921	28.620	22.530	6.090	13.642	
Navarra	17.449	12.794	12.017	9.131	7.709	8.784	3.427	
País Vasco	134.430	5.286	129.144	104.440	9	104.431	15.240	
Rioxa	6.768	3.974	2.794	2.947	1.285	1.662	2.057	
Ceuta e Melilla	11.383	11.383	0	9.537	9.537	0	1.846	
Total	2.514.185	1.518.761	1.639.650	1.682.573	813.333	1.513.466	398.569	

(1) os beneficiarios de bolsas e axudas cofinanciadas polo Ministerio e as Consellerías ou Departamentos autonómicos, en virtude de convenios, contabilízanse tanto na columna do Ministerio como na columna das Consellerías ou Departamentos autonómicos, incluíndose unha soa vez

Fonte: Ministerio de Educación

■ 5.1.11.

e administración financiadora (1)

Obligatorias, non univ.		Ensinanzas universitarias		
Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administracións	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.
166.977	42.338	206.399	205.898	501
7.682	590	15.899	15.309	590
10.905	363	13.254	13.040	214
5.210	48	7.556	7.350	206
34.695	6.073	44.251	35.594	8.657
6.507	1.200	7.279	6.832	447
28.893	1.754	53.918	48.529	5.389
28.118	1.550	28.565	25.593	2.972
38.390	1.747	91.012	84.910	6.102
69.541	23	97.792	93.969	3.823
22.709	718	26.929	25.211	1.718
40.571	10.834	57.806	55.799	2.007
39.846	95	101.782	97.408	4.374
19.314	1.914	28.676	27.745	931
3.752	1.260	7.753	5.116	2.637
648	21.887	29.796	5.491	24.305
1.727	963	3.019	2.718	301
1.190	0	0	0	0
528.365	93.357	877.135	810.971	66.164

o na das Administracións educativas das CC.AA. Nembargantes, na columna de todas as administracións

En canto ao nivel de formación da poboación nova, entre os dous anos considerados, Galicia experimentou unha diminución da porcentaxe de persoas entre 20 e 24 anos que completaron ao menos o nivel de Ensinanza Secundaria 2ª etapa. En 2010 (último ano dispoñible), esta porcentaxe situouse no 66,9%, que, aínda que está case seis puntos por riba da media estatal, é inferior que o 69,2% rexistrado no ano 2005. Comparado co resto das CC.AA., os datos recollidos no **cadro 5.1.8.** amosan que Galicia se sitúa coma a sexta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás de País Vasco, Navarra, Madrid, Asturias e Aragón.

As mulleres presentan un mellor comportamento ao rexistrar un nivel educativo superior ao dos homes. A porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudos de educación secundaria 2ª etapa rematados é do 74,7%, fronte ao 59,2% no caso dos homes. En ambos os dous casos, esta porcentaxe é superior á rexistrada no conxunto do Estado, cun diferencial de case sete puntos no caso das mulleres.

O aumento xeral do alumnado galego no curso 2011-12 tivo o seu reflexo no incremento de nenos estranxeiros. Ao longo do último curso, o número de alumnos de nacionalidade estranxeira no ensino de réxime xeral medrou un 3,4% (441 alumnos máis), dúas décimas menos que no curso anterior. No que atinxe á desagregación segundo nivel de estudos, os datos recollidos no **cadro 5.1.9.** indican que todos os tipos de ensino, agás educación primaria, gañan alumnos estranxeiros. Atendendo á distribución segundo nivel educativo, cómpre salientar o feito de que o 5,5% dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e o 4,2% dos de educación primaria non teñen nacionalidade española. No caso do réxime de adultos, esta porcentaxe ascende ata o 7%.

Un aspecto fundamental no fomento da igualdade de acceso ao sistema educativo e no ámbito da conciliación familiar, entre outros, son os programas de bolsas e axudas concedidas. Neste ámbito, os **cadros 5.1.10.** e **5.1.11.** mostran as bolsas e axudas concedidas, así como os bolsei-

ación financiadora

Obligatorias, non univ.		Ensinanzas universitarias		
Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.	Todas as Administracións	Ministerio	Administracións educativas das CC.AA.
96.497	40.915	90.878	90.670	208
4.873	586	9.578	9.104	474
6.568	363	6.228	6.045	183
3.007	48	3.684	3.480	204
22.020	5.825	18.117	14.578	3.539
3.751	1.200	3.683	3.371	312
17.874	1.752	28.039	24.115	3.924
17.688	1.550	14.431	11.474	2.957
21.963	1.735	46.850	41.243	5.607
41.081	23	45.261	41.558	3.703
13.556	718	12.526	11.129	1.397
22.007	10.833	23.771	21.867	1.904
25.767	82	58.470	54.828	3.642
11.728	1.914	13.409	12.492	917
2.177	1.250	4.891	2.908	1.983
633	14.607	14.750	4.644	10.106
1.097	960	1.764	1.592	172
1.846	0	0	0	0
314.208	84.361	433.043	391.220	41.823

s Administracións educativas das CC.AA. Nembargantes, na columna de todas as administracións inclúese

Programa de libros de texto 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾								
	centros acollidos ao programa	Curso 2010-11				Curso 2011-12		
		alumnado beneficiario				alumnado beneficiario		
		Total	E. Primaria (3º e 4º)	ESO		Total	E. Primaria (3º e 4º)	ESO (2º e 4º)
Total	1.079	126.404	42.210	84.194	1.072	84.780	42.551	42.229
A Coruña	386	51.266	17.420	33.846	385	34.579	17.406	17.173
Lugo	161	13.383	4.224	9.159	158	8.870	4.296	4.574
Ourense	139	12.905	4.006	8.899	139	8.443	4.143	4.300
Pontevedra	393	48.850	16.560	32.290	390	32.888	16.706	16.182

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.12.

ros existentes nas distintas Comunidades Autónomas no curso 2009-10 (último dato dispoñible) en función da administración financiadora. En Galicia no citado curso, concedéronse 169.454 bolsas e axudas, das que o 35,5% foron para ensinanzas obrigatorias, educación infantil e educación especial, o 30,3% para ensinanzas postobrigatorias non universitarias e o restante 34,2% para ensinanzas universitarias.

Comparando o número de bolsas entre as distintas Comunidades Autónomas, destaca o feito de que Galicia é a terceira Comunidade en canto a bolsas e axudas a ensinanzas postobrigatorias, a quinta nos casos das bolsas no ensino universitario e a décima no que ao número de bolsas e axudas para o ensino obrigatorio, educación infantil e educación especial se refire. Por outra banda, máis do 50% dos bolseiros galegos cursan ensinanzas obrigatorias, educación infantil e educación especial, que acollen a 58.421 bolseiros e 60.243 bolsas, das que o 90,5% están destinadas a libros e material.

No que atinxe ao programa de axudas de libros de texto, as estimacións recollidas no **cadro 5.1.12.** reflicten unha lixeira redución do número de centros acollidos (sete centros menos) así como unha forte caída do número de beneficiarios, que se estima será de 84.780 alumnos, un 32,9% menos que no curso anterior. En termos relativos, as catro provincias galegas presentan unha caída do número de beneficiarios superior ao 32%, sendo os descensos máis

acusados os de Ourense e Lugo, cun 34,6% e 33,7%, respectivamente. Dos 41.624 beneficiarios menos que no curso 2010-11, 16.687 corresponden á provincia de A Coruña, e 15.962 persoas, á de Pontevedra.

Outro aspecto fundamental no ámbito da conciliación da vida familiar e laboral é a existencia nos centros educativos dos servizos de comedor e transporte escolar. Neste senso, os **cadros 5.1.13.** e **5.1.14.** mostran como os datos estimados para o curso 2011-12 sinalan un incremento no número de centros públicos con servizos de comedor, en tanto que se mantén o de centros con transporte escolar. No último curso, un total de 509 centros públicos contaban con servizo de comedor, 22 máis que no curso 2010-11, salientando o incremento de centros que xestionan directamente o servizo de comedor. Tendo en conta que no último ano hai concellos que asumen a xestión do servizo de comedor que antes xestionaban as ANPAS, os datos recollidos no devandito **cadro 5.1.13.** amosan o descenso do número de centros xestionados polas ANPAS (80 centros polos 103 do curso anterior) así como a xestión municipal en 25 centros.

Educación universitaria

En Galicia existen 3 universidades públicas e 7 campus universitarios, sendo destacable a concesión da cualificación de campus de excelencia internacional de ámbito rexional europeo a dous campus da Comunidade: ao campus Vida (USC) e

Centros públicos con servicios de comedor 2010-11 e 2011-12: distribución segundo modalidade de xestión ⁽¹⁾

	Curso 2010-11					Curso 2011-12					Concellos
	Total	Consellería de Educación		ANPAS	Total	Consellería de Educación		ANPAS			
		Total	xestión directa (propio centro)			xestión indirecta (empresas)	Total		xestión directa (propio centro)	xestión indirecta (empresas)	
Total	487	384	294	90	103	509	404	314	90	80	25
A Coruña	142	99	85	14	43	-	114	100	14	non dispoñible	
Lugo	116	110	86	24	6	-	113	89	24		
Ourense	105	102	75	27	3	-	100	73	27		
Pontevedra	124	73	48	25	51	-	77	52	25		

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.13.

Centros públicos con servicios de transporte 2010-11 e 2011-12 ⁽¹⁾

Total	Curso 2010-11	Curso 2011-12
Total	807	806
A Coruña	283	281
Lugo	139	135
Ourense	103	103
Pontevedra	282	287

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

■ 5.1.14.

Alumnos matriculados nas universidades galegas no curso 2011-12 ⁽¹⁾: distribución segundo ramas de ensinanza

Alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo

	Total		UDC	USC	U Vigo
	2011-12 / 2010-11				
Total	30.550	-30,0	9.833	12.282	8.435
Ciencias sociais e xurídicas	12.290	-35,6	3.549	5.337	3.404
Ensinanzas técnicas	10.993	-21,7	5.593	1.411	3.989
Humanidades	1.860	-28,6	166	1.176	518
Ciencias da saúde	3.472	-33,2	183	3.277	12
Ciencias experimentais	1.935	-29,2	342	1.081	512

Alumnos matriculados en graos

	Total		UDC	USC	U Vigo
	2011-12 / 2010-11				
Total	29.488	37,1	9.261	11.545	8.682
Ciencias sociais e xurídicas	14.105	33,8	4.476	5.008	4.621
Enxeñaría e arquitectura	6.216	61,0	3.325	782	2.109
Artes e humanidades	2.988	25,2	316	1.523	1.149
Ciencias da saúde	3.682	23,8	749	2.721	212
Ciencias	2.497	42,7	395	1.511	591

(1) datos de avance

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 5.1.15.

Taxa neta de escolarización na universidade nas CC.AA. 2009-10 e 2010-11

(1)

	curso 2009-10	curso 2010-11
Andalucía	22,3	23,4
Aragón	24,1	24,8
Asturias	25,4	26,9
Baleares	9,8	10,4
Canarias	15,6	16,4
Cantabria	18,8	19,7
Castela-A Mancha	11,3	11,9
Castela e León	31,8	33,1
Cataluña	24,6	25,8
C. Valenciana	24,6	26,3
Extremadura	17,2	17,7
Galicia	23,7	24,7
Madrid	36,8	39,3
Murcia	22,1	24,4
Navarra	31,9	33,2
País Vasco	29,8	30,9
A Ríoxa	13,8	14,0
Total	24,5	26,4

(1) estudantes de 18-24 anos en ensinanza de 1º-2º ciclo e graos / poboación total 18-24 anos; datos provisionais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 5.1.16.

Alumnos estranxeiros matriculados nas universidades galegas 2010-11 (1)

	Total		UDC		USC		Uvigo	
	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27
1º e 2º ciclo	730	366	134	30	502	307	94	29
Graos	285	85	80	15	118	53	87	17
Másteres	442	127	67	18	227	39	148	70

(1) datos de avance

Fonte: Ministerio de Educación

■ 5.1.17.

Persoal docente e investigador nas universidades galegas 2009-10 (1)

	Total		UDC		USC		Uvigo	
	Total	Mulleres	Total	Mulleres	Total	Mulleres	Total	Mulleres
Corpo docente funcionario	3.169	1.124	832	257	1.455	553	882	314
Profesorado contratado	2.204	832	646	232	852	328	706	272
contrato indefinido	573	278	147	58	258	133	168	87
contrato de duración determinada	1.631	554	499	174	594	195	538	185
xornada a tempo completo	1.017	481	382	162	390	203	245	116
xornada a tempo parcial	1.187	351	264	70	462	125	461	156
Total persoal docente e investigador	5.373	1.956	1.478	489	2.307	881	1.588	586

(1) datos relativos únicamente a centros propios das Universidades

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

■ 5.1.18.

ao campus do Mar “*Knowledge in depth*” (UVIGO, USC, UDC) .

As universidades galegas volven a presentar, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha redución do seu alumnado. O número de alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo así como en estudos de graos no curso 2011-12, **cadro 5.1.15.**, descendeu en Galicia case un 8% (5.142 alumnos), acadando os 60.038 estudantes. Ao igual que no curso anterior, esta caída do número de alumnos se rexistra nas tres universidades galegas e, tendo en conta a extinción de plans de estudos no 1º e 2º ciclo e a implantación dos novos plans de estudos de grao, se produce nas matrículas universitarias de 1º e 2º ciclo, que non se ve compensada polo incremento de matriculacións nos estudos de grao.

A Universidade de Santiago de Compostela segue sendo a de maior número de alumnos, con 23.827 persoas, o 39,7% dos universitarios galegos, seguida pola de A Coruña, 19.094 alumnos (31,8%) e a de Vigo, con 17.117 alumnos (28,5% do total).

O 45,5% dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, que acollen o 27,5% dos alumnos, e as ciencias da saúde, cun 12,5%.

A taxa de escolarización universitaria, entendida como a porcentaxe de estudantes de 18 a 24 anos matriculados no 1º ou 2º ciclo e graos sobre a poboación total desa idade, mantense en Galicia por baixo da media estatal, situándose en España no 26,4% fronte ao 24,7% en Galicia. Tal e como reflicte o **cadro 5.1.16.**, comparado co resto das CC.AA., a comunidade autónoma galega mantense como a novena con maior taxa de escolarización.

No conxunto das universidades galegas, no curso 2010-11 están matriculados 1.457 alumnos de nacionalidade estranxeira (último dato dispoñible), dos que case o 40% son nacionais da UE-27. O 58% do total de alumnos estranxeiros están

matriculados na Universidade de Santiago de Compostela (**cadro 5.1.17.**).

O persoal docente e investigador nas universidades galegas no curso 2010-11, último dato dispoñible, ascendía a 5.374 persoas, das que case o 60% pertencía ao corpo docente funcionario. O **cadro 5.1.18.** reflicte como o 37,2% do seu persoal docente investigador son mulleres, sendo esta porcentaxe inferior ao 20% no que ao número de catedráticos se refire, e do 40,5% no caso dos profesores titulares.

Xunto a estes datos do alumnado e do persoal docente e investigador, cómpre facer referencia aos principais indicadores da actividade científica desenvolvida polas universidades galegas, aos indicadores de competitividade, de innovación e da súa capacidade formativa.

No que á actividade científica se refire, os datos publicados polo *Observatorio IUNE*, resultado do traballo realizado polas universidades Carlos III de Madrid, a Universidade Autónoma de Madrid, Universidade Autónoma de Barcelona e Universidade Pompeu Fabra, reflicten que a Universidade de Santiago (USC) é a que presenta os mellores resultados en termos absolutos, se ben cando se toman os datos relativos, as diferenzas entre as universidades se acurtan ou mesmo desaparecen. Se no último ano dos que se dispoñen de datos, a USC publicou un total de 1.369 documentos, fronte aos 886 da Universidade de Vigo (UVIGO) e aos 463 da de A Coruña (UDC), no período 2002-10 estas dúas universidades experimentaron unha medra do número de publicacións superior á da USC. Tal e como reflicte o **cadro 5.1.20.**, este incremento é similar ao do conxunto das universidades públicas españolas no caso de UVIGO e lixeiramente inferior no caso da UDC. Comparado coas 49 universidades públicas españolas, a USC ocuparía o oitavo posto en canto ao número de publicacións, mentres que a UVIGO estaría no 16 lugar e a UDC, no 31.

En termos de publicacións por profesor, no ano 2010 as universidades de Santiago e Vigo rexistraron un total de 0,8 documentos por profesor

Actividade investigadora das universidades 2009-10

		USC		UDC		Uvigo	
		2009	2010	2009	2010	2009	2010
Actividade científica							
Producción/productividade							
Publicacións por universidade		1.313	1.369	343	463	700	886
Publicacións por profesor (documentos / profesor)		0,80	0,81	0,38	0,51	0,69	0,86
Colaboración							
Índice de coautoría		7,84	16,75	4,61	5,12	4,49	4,92
Grao de colaboración institucional	(valores absolutos)	987	1.026	222	309	463	632
	(%)	75	75	65	67	66	71
Publicacións en colaboración nacional	(valores absolutos)	412	445	102	175	222	298
	(%)	31	33	30	38	32	34
Publicacións en colaboración internacional	(valores absolutos)	575	581	120	134	241	334
	(%)	44	42	35	29	34	38
Impacto da investigación							
Citas por universidade		6.100	2.785	2.700	1.495	1.167	520
Citas por profesor		3,71	1,64	1,30	0,57	2,66	1,46
Documentos non citados		(%) 28	45	29	57	29	47
Visibilidade							
Publicacións 1º cuartil	(valores absolutos)	607	726	121	187	327	472
	(%)	49	55	38	41	49	55
Publicacións TOP 3 universidades	(valores absolutos)	108	151	33	41	73	81
	(%)	9	11	10	9	11	9
Indicadores de competitividade							
Proxectos do Plan Nacional / 100 profesores		5,77	5,84	4,44	3,99	3,22	3,64
Proxectos do Programa Marco da UE / 100 profesores		0,61	0,47	0,11	0,33	0,39	0,19
Indicadores de innovación							
Patentes nacionais /100 profesores		0,97	0,94	0,55	0,66	1,28	0,49
Contratos I+D e consultorías / 100 profesores		593,1	464,5			660,8	714,3
Prestacións de servizos / 100 profesores		(en miles de €) ND	48,0			67,4	0
Licencias/ 100 profesores		4,5	3,7	(datos non autorizados a publicar)		0	0
Extensións PCT / 100 profesores		0,97	0,71			0,39	0,19
Spin-off / 100 profesores		0,06	0,06			0,49	0,19
Capacidade formativa							
Bolsas de Formación Persoal Investigador / 100 profesores		1,22	1,36	0,78	0,99	1,08	1,46
Bolsas de Formación Persoal Universitario / 100 profesores		1,64	1,77	0,55	1,32	1,08	2,34
Contratos Juan de la Cierva / 100 profesores		0,30	0,24	0,00	0,11	0,20	0,19
Contratos Ramón y Cajal / 100 profesores		0,12	0,29	0,11	0,00	0,20	0,39
Teses defendidas/ 100 profesores		12,09	13,10	9,99	10,80	10,45	10,91

Fonte: Elaboración propia CES a partir de Observatorio IUNE


■ 5.1.19.

fronte aos 0,5 documentos en A Coruña. Atendendo a este indicador, a Universidade de Vigo estaría por diante da de Santiago, ocupando o décimo e o décimo terceiro lugar, respectivamente, en tanto que a UDC estaría no trixésimo sexto posto.

Respecto ao grao de visibilidade científica, a porcentaxe de publicacións nas revistas do 1º cuartil da categoría temática do *Journal Citation Reports* á que estean adscritas sitúase no último ano no 55% na UVIGO e USC, sendo do 41,4% na UDC. No caso das publicacións nas tres primeiras revistas de cada categoría, as porcentaxes son do 11% na USC fronte ao 9,1% da UVIGO

e o 8,9% da UDC. No ranking das universidades españolas a USC sería a 7ª universidade con maior número de publicacións no primeiro cuartil e a cuarta no caso das tres primeiras revistas de cada categoría, en tanto que a UVIGO estaría no posto 14 e no 17, respectivamente, e a UDC no 35 e no 29.

Finalmente, tendo en conta o peso da I+D pública en Galicia, cómpre facer referencia á actividade universitaria de innovación e transferencia de coñecemento. Dunha banda, o indicador de publicacións científicas, técnicas ou artísticas conveniadas no período 2006-10, último dato dispoñible, sitúa á Universidade de Vigo no posto



■ 5.1.20.

décimo cuarto, mentres que a USC está no 29. En moita mellor posición se atopan UVIGO e a USC en termos de protección do coñecemento resultante da investigación, xa que segundo os datos do observatorio IUNE, estarían colocadas como a sexta e sétima universidade con maior número de patentes por cada 100 profesores no período 2002-10.

Os outros dous indicadores de transferencia de coñecemento, o de licencias de tecnoloxía e do coñecemento protexido, principal instrumento para transferir resultados, e o de creación de empresas baseadas en coñecemento xerado na universidade (*spin-off*), que conlevan transferencia tanto de resultados como de capacidades asociadas aos investigadores que se incorporan á empresa, a USC ocuparía o posto 11 e 29, respectivamente, mentres que a UVIGO se situaría no 33 lugar no caso das licencias e no 14 no da creación de *spin-off*. ■

5.2.

Investigación e tecnoloxía

O entorno público (universidades e administración pública) concentra no ano 2010 o 54,9% do gasto interno en investigación e desenvolvemento (I+D) e o 66% do persoal empregado nestas actividades, cando no ano anterior esas porcentaxes eran do 55,6% e 65,9%, respectivamente. Asemade, cómpre salientar o mantemento dunha asignación de recursos netamente inferior á media española, tanto no que respecta á porcentaxe de gasto sobre PIB como en termos de persoal sobre total de activos, tal como se analiza ao longo do capítulo.

O gasto interno en Galicia nas actividades de I+D experimentou no ano 2010 un crecemento superior ao do conxunto do Estado (1,4% fronte ao mantemento do gasto en España). Esta evolución ven explicada polo comportamento do sector privado, que aumenta case un 3% en Galicia respecto ao ano anterior, en tanto que descende no conxunto do Estado (0,8%).

A pesar deste comportamento positivo, Galicia atópase lonxe da media española e europea en

termos de esforzo investidor, xa que dedicou o 0,96% do seu PIB a estas actividades, fronte ao 1,37% da media española e o 2,0% de media en Europa (UE-27). Asemade, o gasto galego por habitante ascendeu a 190 euros, o 66,3% da media española, e o investimento por persoa ocupada nestas actividades en xornada completa, a 49.180 euros (74,8% da media estatal).

Ao longo do último ano volveu a aumentar o número de solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade), medrando o seu peso relativo sobre o total estatal ata o 6,3%. Despois do incremento experimentado, a actividade inventiva galega sitúase por riba da media estatal, acadando as 135 solicitudes de invención por cada millón de habitantes fronte ás 128 en España.

No concernente ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación, continuou, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares como nas empresas galegas. No caso concreto dos fogares, cómpre salientar que Gali-

**Orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para o exercicio 2011:
distribución segundo programa e Consellería**

	Total		Plan Galego de I+D+i	Investigación universitaria	Investigación sanitaria	Fomento da Sociedade da información e do coñecemento
	(%)		(en miles de €)			
Total	173.679,5	100	63.487,5	48.736,7	2.071,2	59.384,0
Economía e Industria	95.593,5	55,0	46.856,8	48.736,7		
Medio Rural	11.929,9	6,9	11.929,9			
Mar	4.700,9	2,7	4.700,9			
Servicio Galego de Saúde	2.071,2	1,2			2.071,2	
Presidencia da Xunta	52.205,4	30,1				52.205,4
Educación e Ordenación Universitaria	7.178,7	4,1				7.178,7

Fonte: Xunta de Galicia

■ 5.2.1.

Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2009-10

	Gastos			Persoal (1)		
	2009	2010	10/09	2009	2010	10/09
	(miles de €)			(%)		
Andalucía	1.578.085	1.726.765	9,4	24.767	25.774	4,1
Aragón	370.945	374.240	0,9	7.106	7.102	- 0,1
Asturias	226.156	238.127	5,3	3.769	3.781	0,3
Baleares	99.854	110.385	10,5	1.767	2.137	20,9
Canarias	238.829	255.402	6,9	4.272	4.099	- 4,0
Cantabria	149.062	157.850	5,9	2.201	2.114	- 3,9
Castela e León	629.490	608.202	- 3,4	10.163	9.736	- 4,2
Castela-A Mancha	237.912	255.179	7,3	3.410	3.566	4,6
Cataluña	3.284.487	3.227.218	- 1,7	47.324	46.336	- 2,1
C. Valenciana	1.120.308	1.080.986	- 3,5	19.692	19.739	0,2
Extremadura	154.708	151.779	- 1,9	2.255	2.402	6,5
Galicia	524.125	531.601	1,4	9.972	10.809	8,4
Madrid	3.899.396	3.854.768	- 1,1	54.149	54.721	1,1
Murcia	241.481	256.149	6,1	5.802	6.043	4,1
Navarra	388.243	365.719	- 5,8	5.511	5.232	- 5,1
País Vasco	1.346.984	1.305.630	- 3,1	17.218	16.921	- 1,7
A Rioxa	85.203	84.885	- 0,4	1.363	1.471	8,0
Ceuta e Melilla	6.408	3.571		38	39	
Total	14.581.676	14.588.456	0,0	220.777	222.022	0,6

(1) persoal en equivalencia a xornada completa
Fonte: INE

■ 5.2.2.


cia atópase moi lonxe da media estatal no que á dispoñibilidade de ordenador e acceso a internet se refire, situándose coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador tras Extremadura, e a que presenta menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet e con conexión de banda ampla.

Indicadores de I+D+i

O gasto interno galego nas actividades de I+D ascendeu no ano 2010 ata os 531,6 millóns de

euros, o que representa o 3,6% do gasto no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, e despois dunha caída superior ao 10% experimentada en 2009, Galicia rexistrou unha medra do 1,4% nos recursos investidos no sistema de innovación, sendo esta evolución motivada polo incremento do 2,9% no sector privado e do 0,2% no sector público.

En termos relativos, os principais indicadores do sistema de innovación reflicten que no último ano mantense a participación do gasto en I+D no



5.2.3.

PIB do 0,96%, que segue sendo moi inferior á media estatal, que é do 1,37%, e á media europea, cunha achega do 2%. Asemade, o gasto interno en I+D por habitante aumentou ata os 190 euros en Galicia, situándose en 309 euros de media no conxunto do Estado, polo que o gasto per cápita na comunidade autónoma só supón o 61,5% da media estatal. Por contra, o gasto en I+D por investigador descendeu un 7,7% en 2010, pasando de 86.219 euros por investigador no ano 2009, a 79.545 euros no ano 2010, representando o 73,4% da media estatal (79,1% en 2009).

Atendendo á comparación co resto das comunidades autónomas, Madrid e Cataluña, despois do descenso no seu gasto interno do 1,1% e 1,7%, respectivamente, concentran o 48,5% do gasto interno total (49,3% en 2009). Xunto a estas dúas CC.AA., outras cinco rexistraron unha redución do gasto interno en actividades de I+D: Navarra (-5,8%), a C. Valenciana (-3,5%), Castela e León (-3,4%), País Vasco (-3%) e Extremadura (-1,9%).

Tal e como se desprende do **cadro 5.2.4.**, que recolle o esforzo investigador en I+D e o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, Galicia atópase por baixo do rexistrado para o conxunto do Estado nas dúas variables conside-


radas. Asemade, cómpre salientar que as catro CC.AA. con maior esforzo investigador (Madrid, Navarra, País Vasco e Cataluña) son as que presentan un maior PIB per cápita.

Distinguindo o gasto interno en I+D realizado polo sector privado, empresas e institucións privadas sen fins de lucro, e o sector público, administración e ensino superior, o **cadro 5.2.6.** mostra como o 54,9% do total está realizado polo sector público, que acolle tamén o 66% do total de persoal empregado nas actividades de I+D e, en concreto, tamén o 75,1% do persoal investigador.

O gasto interno en I+D das universidades e a administración pública medrou en Galicia un 0,2% respecto ao ano anterior, oito décimas menos que no conxunto do Estado, acadando os 292,0 millóns de euros, o 3,2% do gasto interno público en I+D en España. No que ao sector privado se refire, o gasto interno medrou en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, un 2,9%, para situarse nos 239,6 millóns de euros, o 4,1% do gasto interno do sector privado español.

No concernente ao persoal empregado en Galicia

Esforzo investigador en I+D e PIB per cápita das CC.AA. 2010



Fonte: Elaboración propia CES Galicia a partir de INE

5.2.4.

Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2009-10: importancia relativa

	Gastos / PIB (1)		Persoal /1.000 activos (2)	
	2009	2010	2009	2010
	(%)		(%)	
Andalucía	1,10	1,20	6,32	6,49
Aragón	1,14	1,15	10,79	10,99
Asturias	1,00	1,03	7,77	7,86
Baleares	0,38	0,41	3,03	3,62
Canarias	0,58	0,62	3,96	3,79
Cantabria	1,12	1,16	7,82	7,64
Castela e León	1,12	1,06	8,61	8,22
Castela-A Mancha	0,66	0,71	3,49	3,63
Cataluña	1,68	1,63	12,43	12,15
C. Valenciana	1,10	1,06	7,67	7,83
Extremadura	0,86	0,83	4,63	4,85
Galicia	0,96	0,96	7,57	8,31
Madrid	2,05	2,02	15,95	15,97
Murcia	0,89	0,94	7,99	8,18
Navarra	2,14	1,97	17,79	16,97
País Vasco	2,06	1,95	16,44	16,12
A Rioja	1,09	1,08	8,53	9,37
Ceuta e Melilla	0,20	0,11	0,62	0,63
Total	1,38	1,37	9,58	9,62

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes

(2) persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE

5.2.5.

Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2010: distribución segundo sector

	Total	Sector privado (1)		Sector público (2)	
	(en miles de €)	(en miles de €)	(% / total)	(en miles de €)	(% / total)
Andalucía	1.726.765	620.406	35,9	1.106.359	64,1
Aragón	374.240	211.542	56,5	162.698	43,5
Asturias	238.127	98.211	41,2	139.916	58,8
Baleares	110.385	15.967	14,5	94.418	85,5
Canarias	255.402	51.267	20,1	204.135	79,9
Cantabria	157.850	53.315	33,8	104.535	66,2
Castela e León	608.202	326.391	53,7	281.811	46,3
Castela-A Mancha	255.179	134.336	52,6	120.843	47,4
Cataluña	3.227.218	1.833.449	56,8	1.393.769	43,2
C. Valenciana	1.080.986	433.969	40,1	647.017	59,9
Extremadura	151.779	29.012	19,1	122.767	80,9
Galicia	531.601	239.588	45,1	292.013	54,9
Madrid	3.854.768	2.105.321	54,6	1.749.447	45,4
Murcia	256.149	99.545	38,9	156.604	61,1
Navarra	365.719	253.674	69,4	112.045	30,6
País Vasco	1.305.630	985.619	75,5	320.011	24,5
A Rioxa	84.885	42.946	50,6	41.939	49,4
Ceuta e Melilla	3.571	184	5,2	3.387	94,8
Total	14.588.456	7.534.742	51,6	7.053.714	48,4

(1) empresas e institucións privadas sen fins de lucro

(2) administración e ensino superior

Fonte: INE

■ 5.2.6.

Persoal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2010: distribución segundo sector

	Total		Sector privado (1)		Sector Público (2)	
	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores
Andalucía	25.774	15.064	7.453	3.374	18.321	11.690
Aragón	7.102	4.853	2.610	1.153	4.492	3.700
Asturias	3.781	2.591	1.528	860	2.253	1.731
Baleares	2.137	1.462	358	149	1.779	1.312
Canarias	4.099	2.910	766	346	3.333	2.565
Cantabria	2.114	1.308	777	320	1.337	988
Castela e León	9.736	6.228	4.052	1.913	5.685	4.315
Castela-A Mancha	3.566	1.964	1.617	702	1.949	1.262
Cataluña	46.336	27.058	21.676	10.248	24.660	16.810
C. Valenciana	19.739	12.159	6.810	3.349	12.929	8.810
Extremadura	2.402	1.445	442	188	1.961	1.257
Galicia	10.809	6.683	3.673	1.663	7.137	5.020
Madrid	54.721	31.966	23.463	12.099	31.259	19.867
Murcia	6.043	4.182	1.608	682	4.434	3.500
Navarra	5.232	3.315	2.863	1.412	2.369	1.904
País Vasco	16.921	10.578	12.322	6.945	4.599	3.634
A Rioxa	1.471	858	694	282	777	576
Ceuta e Melilla	35	27	-	-	35	27
Total	222.018	134.651	92.711	45.684	129.308	88.967


(1) empresas e institucións privadas sen fins de lucro

(2) administración e ensino superior

Fonte: INE

■ 5.2.7.

Gasto interno e persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia e España 2005-10: distribución segundo sector




Fonte: INE

■ 5.2.8.

nas actividades de I+D, este volve a aumentar por riba do experimentado en España, tanto no caso do persoal total en equivalencia a xornada completa como no número de investigadores. En 2010, o persoal empregado en actividades de I+D ascendía a 10.809 persoas (cadro 5.2.7.), o 4,9% do total estatal, e o número de investigadores a 6.683, o 5% dos investigadores en España. Neste último ano, había en Galicia 8,3 persoas ocupadas nestas actividades por cada mil activos fronte ás 9,6 persoas por cada mil activos de media no conxunto do Estado.

Tendo en conta o incremento do 1,4% do gasto interno en I+D e a medra nun 9,9% do número de investigadores, o gasto medio en I+D por investigador descendeu en Galicia un 7,7% respecto ao ano anterior (redúcese un 0,6% no conxunto do Estado). En 2010, o gasto por investigador en Galicia descendeu a 79.545 euros, o 73,4% da media estatal, cando no ano anterior o gasto medio supuña o 79,1% do gasto medio en España.

Comparado co resto das comunidades, Galicia presenta, tras Andalucía, o segundo maior cre-



■ 5.2.9.

cemento do número total de traballadores e investigadores en termos absolutos, por mor do comportamento tanto do sector público como do privado. Por contra, o **cadro 5.2.9.** amosa como no conxunto do Estado, o sector privado rexistra un descenso en ambos os dous casos.

O investimento da Xunta de Galicia presupostado para Investigación, desenvolvemento e innovación dentro do grupo de función 5 de produción de bens públicos de carácter económico, descendeu en 2011 un 7,1% respecto ao ano anterior, situándose nos 171,6 millóns de euros. Tal e como se reflicte no **cadro 5.2.10.**, descende de xeito considerable o presupostado para o programa “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica” (21 millóns de euros menos que no orzamento do ano anterior) e se reduce o correspondente ao programa “Investigación universitaria”, con 0,9 millóns de euros menos. Por contra, aumenta o presuposto dedicado ao “Fomento da Sociedade da Información e do Coñecemento” en 8,8 millóns de euros.

O deseño, planificación e financiamento da inno-

vación e a investigación nos sectores produtivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre cinco consellerías: Economía e Industria; Medio Rural; Mar; Presidencia da Xunta; e finalmente, Educación e Ordenación Universitaria.

Ademais, o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediticios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, comprometeu, ao longo do ano 2011, un total de 51,3 millóns de euros para o financiamento directo de 97 proxecto de I+D. Tal e como se desprende dos datos recollidos no **cadro 5.2.11.**, o financiamento directo en Galicia medrou un 13% (4,3% no conxunto do Estado), situándose o investimento total destes proxectos nos 68,1 millóns de euros.

No que atinxe ao tipo de axuda recibida, dos 97 proxectos financiados, 56 corresponden a proxectos de I+D consorciados; 28, a proxectos de I+D individuais; 12 proxectos, á liña banca CDTI; e 1 é un proxecto Eurostar do subprograma inter-

Orzamentos de gastos da Xunta de Galicia en I+D+i e sociedade da información 2010-11: distribución segundo Consellerías

Investigación, desenvolvemento e innovación

Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

2010			2011			11/10
Total		84.519,7	Total		63.487,5	-24,9
Economía e Industria		63.941,9	Economía e Industria		46.856,8	-26,7
Medio Rural		13.982,1	Medio Rural		11.929,9	-14,7
Mar		6.595,7	Mar		4.700,9	-28,7

Investigación universitaria

2010			2011			11/10
Total		49.615,3	Total		48.736,7	-1,8
Economía e Industria		49.615,3	Economía e Industria		48.736,7	-1,8

Investigación sanitaria

2010			2011			11/10
Total		407,6	Total		2.071,2	408,1
Servicio Galego de Saúde		407,6	Servicio Galego de Saúde		2.071,2	408,1

Sociedade da información e do coñecemento

Fomento da sociedade da información e do coñecemento

2010			2011			11/10
Total		50.556,5	Total		59.384,0	17,5
Presidencia da Xunta		44.012,2	Presidencia da Xunta		52.205,4	18,6
Educación e Ordenación Universitaria		6.544,4	Educación e Ordenación Universitaria		7.178,7	9,7

Fonte: Xunta de Galicia

■ 5.2.10.

Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2010-11

2010				2011		
Proxectos		Achega CDTI	Orzamento total	Proxectos	Achega CDTI	Orzamento total
			(en miles de €)	(en miles de €)		
Andalucía	136	82.344,0	121.443,5	150	79.510,5	107.351,3
Aragón	77	37.874,6	53.487,2	93	50.934,4	71.053,3
Asturias	50	21.640,3	32.461,9	50	24.406,7	34.808,3
Baleares	11	3.203,8	4.477,2	9	3.148,8	4.114,3
Canarias	15	4.522,2	6.420,7	13	6.206,0	8.677,7
Cantabria	27	13.305,4	19.565,5	15	7.060,5	9.182,3
Castela-A Mancha	56	37.499,5	50.982,2	62	31.334,6	45.408,6
Castela e León	80	48.803,3	73.827,4	135	76.455,7	102.489,6
Cataluña	450	265.805,8	393.280,1	507	280.299,4	385.732,4
C. Valenciana	182	79.515,2	122.056,1	266	126.586,1	179.396,3
Extremadura	41	17.059,8	23.316,2	58	20.574,9	26.102,6
Galicia	81	45.402,4	62.173,5	97	51.314,1	68.122,9
A Ríoxa	44	14.583,5	24.891,4	21	8.732,2	16.896,4
Madrid	332	266.200,7	426.388,4	302	230.044,2	305.324,5
Murcia	57	23.152,8	32.752,9	77	31.083,4	43.893,2
Navarra	96	58.373,4	100.292,5	90	62.931,2	96.340,6
País Vasco	236	132.050,0	205.755,1	187	110.423,6	158.843,1
Meliilla	1	198,3	264,4	-	-	-
Total	1.972	1.151.534,8	1.753.836,3	2.132	1.201.046,1	1.663.737,4

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial

■ 5.2.11.

Estadísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2011

	Solicitudes de patentes nacionais	Modelos de utilidade	Diseño industrial	Marcas	Nomes comerc. e rótulos de establecem.
Andalucía	482	248	206	4.946	899
Aragón	201	77	36	937	112
Asturias	72	29	28	689	129
Baleares	16	24	63	892	144
Canarias	54	49	96	1.569	232
Cantabria	38	15	6	322	31
Castela-A Mancha	79	71	55	1.125	171
Castela e León	97	78	51	1.676	243
Cataluña	619	623	272	8.313	731
C. Valenciana	342	337	365	4.117	578
Extremadura	33	31	10	492	102
Galicia	188	190	82	2.415	286
Madrid	706	369	297	11.066	1.042
Murcia	71	86	73	1.058	69
Navarra	105	65	21	495	67
País Vasco	229	140	69	2.017	179
A Ríoxa	22	14	9	470	37
Ceuta e Melilla	13	2	10	138	7
Non consta	60	48	4	-	-
Non residentes	14	104	18	1.378	4
Total	3.441	2.600	1.771	44.115	5.063

Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

■ 5.2.12.

empresas internacional. Dos proxectos de I+D cofinanciados, máis do 35% corresponden á área de tecnoloxías biosanitarias e agroalimentarias e máis do 21%, á área de tecnoloxía química, medioambiental e material.

A provincia de Pontevedra acolleu 48 dos 97 proxectos CDTI aprobados en 2011, por diante de A Coruña, con 39, e Ourense e Lugo, con 8 e 2 proxectos, respectivamente. En termos orzamentarios, Pontevedra recibiu o 47,3% do presuposto total e o 48,9% da achega do CDTI a Galicia, porcentaxes que son do 40,6% e 39,7%, respectivamente, para a provincia de A Coruña.

• Propiedade industrial

O número de solicitudes de invención (patentes vía estatal e modelos de utilidade) rexistradas en Galicia volveu a incrementarse en 2011. Neste último ano, rexistráronse 378 solicitudes, 71 máis que no ano precedente, polo que a actividade inventiva, medida a través da rateo de solicitudes de invencións/millón de habitantes, creceu ata as 135,2 solicitudes. Comparado co conxunto do Estado, Galicia acolle o 6,3% das solicitudes (4,9% no ano anterior), situándose

este último ano a actividade inventiva por riba da media estatal, que acadou as 128 solicitudes por millón de habitantes.

O número de patentes estatais solicitadas, que conceden a explotación exclusiva unicamente no territorio español, en Galicia descendeu no último ano ata as 188, o que representa o 5,5% do total estatal. A comunidade autónoma presenta unha actividade creativa de 67 solicitudes por millón de habitantes, cando a media española situouse nas 73 solicitudes.

A igual que no ano anterior, en 2011 o número de solicitudes de modelos de utilidades aumentou en Galicia ata as 190, 77 máis que no ano anterior. Tras esta medra, a súa importancia relativa no conxunto do Estado acadou o 7,3% e a rateo solicitudes por cada millón de habitantes, as 68 solicitudes (55 no conxunto do Estado).

[Axenda Dixital de Galicia 2014.gal](#)

No marco da estratexia da “Axenda Dixital de Galicia 2014.gal”, deseñada para ser o apoio transversal no ámbito tecnolóxico catalizadora de

Execución orzamentaria da *Axenda Dixital 2014.gal* 2010-11

	2010	2011	11/10
	(en €)		(%)
Orzamento previsto	163.706.588	360.265.677	120,1
Orzamento executado	182.711.171	330.891.817	81,1
Liñas estratéxicas			
Administración Intelixente	18.606.705	53.418.242	187,1
Administración eficiente	56.665.559	101.252.265	78,7
Cidadanía dixital	12.685.418	24.256.413	91,2
Transforma TIC	19.739.767	38.142.094	93,2
Economía-IT	17.713.591	24.804.530	40,0
InfraTeleCom	56.597.903	88.105.010	55,7
Medidas Instrumentais	702.228	913.262	30,1

Fonte: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

■ 5.2.13.

cada un dos itinerarios marcados no Plan Estratégico 2010-2014, cómpre salientar a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Decreto 252/2011, de 15 de decembro), que vai integrar aos recursos humanos e orzamentarios da área TIC de todas as consellerías. Tal e como se indica no Balance 2011 da devandita Axenda Dixital, a Axencia “entra en funcionamento establecendo 17 actuacións estratéxicas para o 2012 agrupadas en tres áreas: impulsar a vertebración territorial e a cohesión social coa extensión de infraestruturas de telecomunicación; acadar unha administración eficiente coa integración das TIC en todos os eidos administrativos; e contribuír á dinamización económica co sector TIC como elemento tractor”.

O orzamento executado no ano 2011 pola Xunta de Galicia nas diferentes liñas de actuación da Axenda Dixital ascendeu a 330,9 millóns de euros, un 8,2% menos que o previsto para ese ano. Dos datos mostrados no **cadro 5.2.13.**, as partidas máis importantes son as relacionadas cos ámbitos de xestión da propia Administración (administración intelixente e eficiente), con 154,7 millóns de euros, a relacionada co desenvolvemento e uso de infraestruturas de telecomunicacións, con 88,1 millóns de euros, e as correspondentes á promoción dunha sociedade dixital, con 87,2 millóns.

O devandito investimento total mobilizou un investimento privado de 117,8 millóns de euros,

o que sitúa o investimento total realizado en case 450 millóns de euros. A achega privada dirixiuse fundamentalmente ás liñas Transforma TIC, con 64,4 millóns de euros, e InfraTeleCom, con 48,9 millóns.

Respecto á evolución dos indicadores da Axenda Dixital, os datos recollidos no **cadro 5.2.14.** indican unha mellora tanto das empresas como persoas que interactúan coa administración. Entre os distintos parámetros cómpre salientar, dunha banda, que case un 15% dos procedementos admiten presentación electrónica e un 23,7% das axudas son tramitadas por vía telemática (5,9% e 10,1%, respectivamente no ano anterior), e doutra, o 21,7% dos cidadáns fan uso da cita médica previa por internet (18,4% no ano anterior) e que a porcentaxe dos centros educativos dixitais públicos do proxecto Abalar é do 78% (74,7% en 2010). Asemade, a redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo foi do 22% (18% no ano anterior).

Comercio exterior de alta tecnoloxía

Un dos xeitos máis importantes á hora de medir a competitividade internacional dun territorio é a análise do seu comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía. O comercio exterior galego deste tipo de produtos mantén o saldo positivo do ano anterior, situándose en 2011 nos 54,2 millóns de euros, fronte aos 8,3 millóns do ano anterior. Este forte incremento veu motivado

Indicadores da Axenda Dixital 2014.gal 2009-11

	2009	2010	2011
	(% ou unidades según o caso)		
Administración Intelixente			
Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos 3 meses para descargar formularios oficiais	28,8	31,7	42,9
Empresas que interactuaron coas APP a través de Internet no último ano (10 ou máis empregados)	67,4	68,1	81,0
Empresas que interactuaron coas APP a través de Internet no último ano (menos de 10 empregados)	32,2	25,9	60,0
Trámites en modelo telemático para cidadáns	13	20	69
Trámites en modelo telemático para empresas	40	74	96
Axudas tramitadas por vía telemática	6,0	10,1	23,7
Facturas electrónicas sobre o total	-	20,1	25,0
Empresas que usan o sistema de facturación	-	1.360	1.785
Recetas dispensadas electrónicamente	15,0	70,0	93,0
Centros de atención primaria con solucións de telemedicina	29,2	45,9	98,9
Xulgados que utilizan Lexnet	-	24,6	40,6
Entidades locais adheridas ao convenio de administración electrónica	-	66,0	322,0
Administración Eficiente			
Redución de custes de mantemento dos sistemas de microinformática na Xunta	-	9,0	13,4
Disponibilidade da rede de sistemas de comunicacións na Xunta	99,8	99,9	100,0
Redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo da Administración Pública	-	18,0	22,0
Centros de Atención a Usuarios (CAU) existentes na Xunta	20	16	14
Portais webs catalogados	-	303	241
Subscritores aos servizos de avisos	-	397	2.640
Equipos de escritorio con software libre	45,5	58,1	70,0
Equipos de escritorio con software propietario	89,3	84,8	80,0
Documentos publicados en formatos abertos	50	75	90
Cidadanía Dixital			
Fogares con algún tipo de ordenador	58,5	61,6	65,3
Fogares con conexión de banda larga	38,3	46,5	51,6
Persoas que empregaron o ordenador nos últimos 3 meses	54,3	57,8	62,2
Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	49,8	53,6	58,5
Persoas que adquiriron produtos ou servizos por Internet nos últimos 3 meses	13,7	14,4	17,7
Beneficiarios dos cursos de alfabetización dixital	-	9.854	18.047
Centros educativos dixitais do proxecto ABALAR	-	297	370
Aulas dixitais do proxecto ABALAR	-	682	1.460
Alumnos dentro do proxecto ABALAR	-	14.500	31.575
Transforma TIC			
Empresas do sector TIC	1.542	1.767	1.897
Empregados do sector TIC	16.327	15.851	15.855
Empregados do sector TIC respecto a total de ocupados	1,6	1,6	1,6
Cursos de formación con probas de certificación de coñecementos no CNTG	54,0	75,0	85,7
Persoas formadas no CNTG que remataron os cursos	682	701	720
EconomiC-IT			
Empresas que teñen acceso a Internet contratado (10 ou máis empregados)	92,9	94,9	97,3
Empresas que teñen acceso a Internet contratado (menos de 10 empregados)	46,7	47,3	52,8
Empresas con conexión a Internet con páxina web (10 ou máis empregados)	55,1	58,9	61,2
Empresas con conexión a Internet con páxina web (menos de 10 empregados)	19,5	19,6	19,9
Empresas de 10 ou máis empregados que realizaron intercambio electrónico de datos para o envío de facturas electrónicas	19,2	22,8	37,8
Traballadores incluídos nos cursos TIC dos plans de formación sectorial e intersectorial da Xunta de Galicia	13.916	10.812	10.812
InfraTeleCom			
Poboación galega con acceso á servizos de banda larga	71,8	80,9	87,3
Poboación con acceso a redes de nova xeración, mínimo 100Mbps	-	711.575	984.917
Número de polígonos industriais sen cobertura de banda larga	22	12	6
Ampliación da velocidade media de acceso na rede corporativa	29,3	106,4	50,7
Centros administrativos conectaos rede corporativa	93,0	94,0	95,5
Centros de saúde conectados a banda larga	66,5	92,4	95,0
Farmacias con cobertura de banda larga	93,0	96,6	97,0
Centros Educativos con cobertura banda larga	77,9	88,0	92,0
Xulgados con cobertura banda larga	91,5	95,6	97,0

Fonte: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Indicadores de alta tecnoloxía en Galicia e España 2008-09

2009

	Galicia				España			
	Establecem.	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establecem.	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
		(en miles de €)	(en miles)			(en miles de €)	(en miles)	
Sectores manufactureros de tecnoloxía alta e media alta	671	9.072.386	1.799.834	34,7	16.414	142.150.493	32.175.237	712,1
Tecnoloxía alta	67	1.016.516	317.913	2,5	1.955	25.334.756	6.777.754	132,2
Tecnoloxía media-alta	604	8.055.870	1.481.921	32,2	14.459	116.815.737	25.397.483	579,9
Servizos de alta tecnoloxía ou punta	1.410	913.175	299.259	21,8	42.011	74.361.069	34.406.011	492
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	2.081,0	9.985.561,0	2.099.093,0	56,5	58.425,0	216.511.562,0	66.581.248,0	1.203,7

2010

	Galicia				España			
	Establecem.	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados	Establecem.	Cifra de negocios	Valor engadido	Ocupados
		(en miles de €)	(en miles)			(en miles de €)	(en miles)	
Sectores manufactureros de tecnoloxía alta e media alta	714	8.482.371	1.497.158	32,0	15.875	152.394.116	35.180.821	698,1
Tecnoloxía alta	73	461.203	219.648	2,7	1.947	25.410.532	7.202.694	142,5
Tecnoloxía media-alta	641	8.021.168	1.277.510	29,3	13.928	126.983.584	27.978.127	555,6
Servizos de alta tecnoloxía ou punta	-	-	-	20,2	-	-	-	498
Total sectores de alta e media alta tecnoloxía	-	-	-	52,2	-	-	-	1.196,1

Fonte: INE

■ 5.2.15.

Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía 2010-11 ⁽¹⁾

	Exportacións			Importacións		
	2010	2011	11/10	2010	2011	11/10
	(en miles de euros)	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(en miles de euros)	(%)
Total	172.255	219.414	27,4	163.974	165.234	0,8
Armas e municións	1.116	512	-54,1	4.444	12.369	178,3
Construcción aeronáutica e espacial	18.592	751	-96,0	2.940	2.063	-29,8
Maquinaria de oficina e equipo informático	4.255	7.870		6.359	5.224	
Mat.electrónico: equipos de radio, tv e telecom.	34.489	45.979	33,3	43.927	50.690	15,4
Produtos farmacéuticos	15.470	15.107	-2,3	4.603	3.299	-28,3
Instrumentos científicos	8.165	5.815	-28,8	41.635	26.600	-36,1
Maquinaria e material eléctrico	12.344	27.414	122,1	6.931	6.266	-9,6
Produtos químicos	76.641	113.632	48,3	50.349	44.055	-12,5
Maquinaria e equipo mecánico	1.184	2.334	97,1	2.786	14.671	426,6

(1) datos provisionais
Fonte: IGE

■ 5.2.16.

fundamentalmente pola medra do valor das exportacións (27,4%).

O valor total das exportacións destes produtos, ascendeu a 219,4 millóns de euros, o que representa tan só o 1,3% do valor total das exportacións galegas a terceiros países. Por contra, as importacións acadan os 165,2 millóns de euros, o 1,2% do importe total das compras.

Atendendo á desagregación segundo sectores, cómpre salientar a importancia dos subsectores de produtos químicos, que representa máis da metade das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía e o 26,7% das importacións, así como o de maquinaria e material electrónico, que supón o 21% das exportacións e o 30,7% das importacións de produtos de alta tecnoloxía en Galicia no ano 2011. Estes dous sectores presen-

Alumnado matriculado en ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas e españolas 2009-2011

	1º e 2º ciclo			graos		
	2009-10	2010-11	11-10/10-09	2009-10	2010-11	11-10/10-09
UDC						
CC. Experimentais	574	471	-103	124	264	140
Ensinanzas técnicas	7.857	7.009	-848	505	1.965	1.460
USC						
CC. Experimentais	2.039	1.585	-454	547	1.059	512
Ensinanzas técnicas	2.437	1.880	-557	233	570	337
Uvigo						
CC. Experimentais	917	677	-240	179	427	248
Ensinanzas técnicas	6.433	5.148	-1.285	97	1.325	1.228
Galicia						
CC. Experimentais	3.530	2.733	-797	850	1.750	900
Ensinanzas técnicas	16.727	14.037	-2.690	835	3.860	3.025
España						
CC. Experimentais	69.910	52.146	-17.764	11.485	30.953	19.468
Ensinanzas técnicas	280.092	213.560	-66.532	21.720	89.524	67.804
Galicia / España (%)						
CC. Experimentais	5,05	5,24		7,40	5,65	
Ensinanzas técnicas	5,97	6,57		3,84	4,31	

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

5.2.17.

tan un saldo comercial positivo de 69,6 millóns de euros e 21,1 millóns, respectivamente. Por contra, os sectores que presentan os maiores saldos negativos son os de instrumentos científicos, con -20,8 millóns de euros, e o de maquinaria e equipo mecánico, con -12,3 millóns de euros.

Sociedade do coñecemento

O orzamento das funcións de I+D+i e da sociedade da información e do coñecemento para o exercicio 2011, **cadro 5.2.1.**, amosa que meirande parte do presuposto vai destinado ao Plan Galego de I+D+i, con 63,5 millóns de euros, e ao financiamento do Fomento da sociedade da información e do coñecemento, con 59,3 millóns de euros.

Á hora de analizar os distintos indicadores do grao de penetracións das TIC nos fogares e empresas galegas, e dada a existencia dunha notable conexión entre a tecnoloxía, a formación e a competitividade, cómpre facer referencia ao nivel educativo e formativo.

Os datos da Enquisa de poboación activa reflic-

ten que en Galicia, en 2011, a porcentaxe de persoas maiores de 16 anos con estudos superiores era do 23,1% (lixeramente superior no caso das mulleres). Asemade, as persoas con estudos de secundaria (primeira e segunda etapa) representan en conxunto o 45,4%, acadando o 49,7% no caso dos homes e o 41,6%, no das mulleres. En relación ao conxunto do Estado, o peso relativo das persoas galegas con estudos superiores no conxunto estatal é do 5,7% (5,9% no caso das mulleres e 5,5% nos homes), e do 6,1% no caso da educación secundaria (6,2% e 6,1% no que aos homes e mulleres se refire, respectivamente).

A diferenza do acontecido no conxunto do alumnado universitario en Galicia, o número de persoas matriculadas en ciencias experimentais e ensinanzas técnicas, importante pilar da sociedade do coñecemento, aumentou no último curso. O **cadro 5.2.17.** amosa que o número de alumnos matriculados foi de 22.380 persoas, 438 alumnos máis que no curso anterior, sendo esta medra máis acusada que no conxunto do Estado (2% e 0,8%, respectivamente). Nas ciencias experimentais matricularonse un total de 4.483 alumnos (o 20% das devanditas ramas) e nas ensinanzas técnicas, 17.897 alumnos (o 80%).

Indicadores das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e España 2010-11

	Galicia		España	
	2010	2011	2010	2011
	(%)			
Fogares				
fogares equipados con televisión	99,0	99,8	99,5	99,6
fogares equipados con ordenador	61,6	71,5	68,7	65,3
fogares con acceso a internet	48,9	53,3	59,1	63,9
fogares con conexión de banda ampla	46,5	51,6	57,4	61,9
fogares equipados con fax	5,5	6,5	5,7	5,6
fogares equipados con vídeo	47,1	46,0	50,8	47,5
fogares equipados con DVD	68,5	70,9	78,4	77,9
fogares equipados con cadea musical, alta fidelidade, laserdisc	56,9	55,1	62,1	61,0
fogares equipados con radio	85,5	82,7	82,0	82,1
fogares equipados con teléfono fixo	78,5	79,6	80,3	80,6
fogares equipados con teléfono móbil	91,6	92,1	94,6	95,1
Empresas				
empresas que dispoñen de ordenadores	98,0	98,6	98,6	98,6
empresas que dispoñen de rede de área local (LAN)	82,1	80,2	85,6	86,4
empresas que dispoñen de rede de área local sen fíos	33,1	38,5	39,3	45,3
empresas que dispoñen de conexión a Internet	94,9	97,3	97,2	97,4
empresas que dispoñen de correo electrónico	94,5	96,8	96,5	96,8
empresas que acceden a Internet mediante conexión de banda ampla (1)	97,6	99,1	98,2	99,3
empresas que interactúan coas Administracións Públicas mediante internet	68,1	81,0	70,1	84,0
empresas con conexión a Internet e sitio web	58,9	61,2	63,9	67,0
Novas tecnoloxías				
persoas que usan teléfono móbil	88,4	89,2	92,2	92,8
persoas de 16 a 74 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	57,8	62,2	67,4	69,3
persoas de 16 a 74 anos que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	53,6	58,5	64,2	67,1
persoas de 16 a 74 anos que mercaron por internet (últimos 3 meses)	14,4	17,7	17,4	18,9
persoas que empregaron internet ao menos unha vez á semana (últimos 3 meses)	48,3	53,4	58,4	61,8
	(nenos 10 a 15 anos = 100)			
nenos de 10 a 15 anos que empregaron ordenador (últimos 3 meses)	95,3	96,7	94,6	95,6
nenos de 10 a 15 que se conectaron a internet (últimos 3 meses)	85,5	88,8	87,3	87,1
nenos de 10 a 15 que dispoñen de teléfono móbil	67,8	70,7	66,7	65,8

(1) porcentaxe sobre o total de empresas que dispoñen de conexión a Internet

Fonte: INE

■ 5.2.18.

O equipamento en tecnoloxías de información e a comunicación continúa, con carácter xeral, a súa tendencia á alza tanto nos fogares galegos coma españois. Os datos recollidos no **cadro 5.2.18.** reflicten que o 71,5% dos fogares galegos dispoñían en 2011 dalgún tipo de ordenador e un 53,3% dos fogares tiñan acceso a internet (48,9% en 2010). Do conxunto de fogares con acceso a internet en Galicia, o 51,6% pode conectarse por banda ampla (46,5% no ano anterior), situándose esta porcentaxe máis de dez puntos por baixo da rexistrada no conxunto do Estado.

A pesar deste avance experimentado, Galicia atópase moi lonxe da media estatal e se sitúa coma a segunda comunidade autónoma con menor dispoñibilidade de ordenador tras Estre-

madura, e a que presenta menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet e con conexión de banda ampla.

O 62,2% da poboación galega de 16 a 74 anos empregou o ordenador nos tres meses anteriores ás enquisas, situándose esta porcentaxe no 58,5% no caso das persoas que se conectaron a internet. Un 17,7% da poboación de 16 a 74 anos mercou produtos e servizos a través de internet no último trimestre antes da enquisa, cifra que representa unha medra de 3,3 puntos porcentuais respecto á media do ano anterior. No conxunto do Estado, esta porcentaxe foi do 18,9%, cando no ano anterior ascendera ao 17,4%.

En relación aos usos de tecnoloxías da informa-

ción e as comunicacións nas empresas, o uso de ordenadores está estendido na práctica totalidade das mesmas. O 97,3% das empresas galegas de dez ou máis asalariados dispón de conexión a internet, das que o 99,1% accede a través dalgún tipo de banda ampla. A porcentaxe de empresas galegas que dispón de sitio/páxina web en Galicia é do 61,2%, situándose esta porcentaxe case seis puntos por baixo da media estatal. ■

5.3.

Infraestruturas

A importancia do estudio da situación das infraestruturas de transporte e comunicacións radica en que estas son un elemento dinamizador fundamental da economía galega. O investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia no ano 2011 neste ámbito acadou os 1.328 millóns de euros e o investimento presupostado no orzamento autonómico para o ano 2011 situouse en torno aos 400 millóns de euros.

A modo de introdución, cómpre salientar tres feitos fundamentais en materia de transportes e infraestruturas: dunha banda, a aprobación definitiva das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, que son os instrumentos que deberán articular o territorio galego. Doutra banda, a adopción por parte da Comisión da proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T), que considera tan só ao porto de A Coruña como porto nodal, excluindo ao porto de Vigo dentro desta categoría. Un terceiro ele-

mento a destacar é o feito de que, trala inauguración dos tramos Santiago-A Coruña e Ourense Santiago, a partir do 11 de decembro circulan en Galicia trens con velocidade alta.

Marco de referencia

A aprobación definitiva das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL), en febreiro de 2011, xunto coa adopción por parte da Comisión da proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T), en outubro dese ano e corrixidas posteriormente no mes de decembro, son os elementos que van determinar o desenvolvemento futuro das infraestruturas en Galicia.

No concernente ás DOT, o Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, indica que estas teñen como finalidade definir un modelo territorial que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de

Obxectivos prioritarios das Directrices de Ordenación do Territorio

- a)** Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.
- b)** Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.
- c)** Establecer os ámbitos supramunicipais de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.
- d)** Potenciar as principais rexións urbanas e áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.
- e)** Consolidar unha rede de vilas e de pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos o conxunto do territorio.
- f)** Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificador do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.
- g)** Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas rurais que máis acusan os efectos da crise demográfica e da despoboación.
- h)** Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais, orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.
- i)** Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.
- j)** Proporcionar criterios territoriais e ambientais para a elaboración de plans e proxectos sectoriais e configurar as características dos plans territoriais integrados.
- k)** Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.
- l)** Establecer directrices estratéxicas para desenvolver os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.
- m)** Aplicar o concepto e metodoloxías de desenvolvemento rural con enfoque territorial nas actuacións que se desenvolvan nos espazos rurais por parte dos distintos axentes sociais e económicos.
- n)** Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.
- ñ)** Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sustentable e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecendo como activo para o desenvolvemento de Galicia.
- o)** Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.
- p)** Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia á valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais, principalmente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.
- q)** Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na estratexia galega fronte ao cambio climático.
- r)** Prever e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.
- s)** Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.
- t)** Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.
- u)** Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- v)** Potenciar infraestruturas de telecomunicación capaces de garantirles a toda a cidadanía e ás empresas a súa integración nunha sociedade da información e coñecemento, co fin de aumentar a calidade de vida, a competitividade dos sectores produtivos e a eficiencia dos servizos públicos.
- w)** Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.
- x)** Marcar criterios para a execución de novas fórmulas de goberno territorial, como as agrupacións voluntarias de municipios, que dean resposta aos cambios e dinámicas recentes do modelo territorial e social.

■ 5.3.1.

Sistema de asentamentos de Galicia definido nas DOT

As Directrices de Ordenación do Territorio define un sistema de asentamentos que está composto polos seguintes catro niveis:

a) O sistema de grandes cidades.

Está constituído por dúas grandes rexións urbanas, a de Vigo e Pontevedra e a Coruña e Ferrol, así como polas áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

b) O sistema urbano intermedio.

Constituído por un conxunto de vilas e pequenas cidades que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcial e proporcionan unha base urbana sólida aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio dispoña dunha axeitada cobertura de servizos. Nalgúns destes ámbitos funcionais figuran vilas con influencia supramunicipal que exercen de subcabeceiras para a prestación de servizos de forma complementaria ás cabeceiras.

Integrado por Ribadeo, Viveiro, Carballo, Cee-Corcubión, Noia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Lalín, Chantada, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo de Limia, Verín, As Pontes de García Rodríguez, Vilalba e Sarria. As vilas de Burela, Foz, Muros, Porto do Son, Boiro, Rianxo, Cambados, O Grove, A Guarda, Silleda e A Rúa constitúen as subcabeceiras do sistema urbano intermedio e son unha parte integrante deste nivel.

c) Os nodos para o equilibrio do territorio.

Núcleos con influencia supramunicipal que actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais. Constitúen unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento.

As vilas propostas como nodos para o equilibrio do territorio son: Ortigueira, Mondoñedo, Meira, A Fonsagrada, Beceerreá, Quiroga, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Castro Caldelas, Maceda, Allariz, Celanova, Bande, Ribadavia, A Cañiza, Caldas de Reis, Padrón, Negreira, Vimianzo, Santa Comba, Ordes, Melide, Guitiriz, Curtis, Arzúa e Monterroso. Estas vilas, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivel do sistema de asentamentos do modelo territorial.

d) Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais.

Constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio, conxuntamente coas pequenas entidades de poboación, sendo as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e constitúen condición básica para evitar o abandono e os seus efectos derivados.

■ 5.3.2.

coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial galega.

Estas referencias territoriais fórmulanse para acadar os 25 obxectivos prioritarios recollidos no **cadro 5.3.1.**, e para alcanzar estes obxectivos, as DOT establecen un modelo territorial cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos (**cadro 5.3.2.**), articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar. Este sistema urbano queda configurado por catro niveis: o sistema de grandes cidades, o sistema urbano intermedio, os nodos para o equilibrio do territorio e os núcleos principais dos restantes municipios e das parroquias rurais.

Asemade, determinan que os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de planificación urbanístico, deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas DOT e serán sometidos ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ou ao procedemento de avaliación de impacto ambiental atendendo á normativa de aplicación e ao exercicio do órgano ambiental competente. Co obxectivo de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos, establece que as administracións que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación.

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, aprobado definitivamente co Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, ten por obxecto establecer un

**Nodos urbanos, aeroportos e portos españois incluídos na rede principal
da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)**

Nodos urbanos	Aeroportos	Portos	
Madrid	Barcelona	Alxeciras	As Palmas
Barcelona	Madrid/Barajas	Barcelona	Palma de Mallorca
Bilbao	Palma de Mallorca	Bilbao	Sevilla
Palma de Mallorca		Cartaxena	Tarragona
Sevilla		Xixón	Valencia
Valencia		A Coruña	

Fonte: Comisión Europea, COM (2011), 650 final, 19.10.2011

■ 5.3.3.

marco de referencia para a ordenación urbanística da zona litoral mediante un conxunto de criterios, principios e normas xerais baseado en fundamentos de perdurabilidade e sostibilidade, así como desenvolver a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Este traballo de planificación integra as políticas de protección, ordenación e xestión do territorio e da paisaxe. O punto de partida son os 2.555 quilómetros de costa, que inclúen 432 km de illas, 464 km de marismas e 1.659 km de perímetro costeiro. O plan estende a súa área de xestión a máis de 215.000 hectáreas, que supoñen o 7,3% da superficie de Galicia.

Integradas nos seus propios obxectivos, o POL persegue entre as súas funcións as da concreción do ámbito do litoral obxecto de ordenación, considerando no seu conxunto o litoral como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor, que debe ser debidamente protexido dende unha perspectiva integral, dentro dunha política de desenvolvemento sostible; a protección e conservación dos recursos naturais e do patrimonio natural e cultural do litoral; propiciar a ordenación racional dos usos do solo baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade; lograr unha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local; ou constituír a base para a elaboración dun programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación, restauración e valorización dos ecosistemas e a paisaxe.

O terceiro elemento que cómpre salientar é a adopción, por parte da Comisión Europea, da proposta sobre as Orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede transeuropea de Transporte, en outubro de 2011 (modificados parte dos anexos en decembro de 2011). Estas orientacións definen a estratexia a longo prazo para a política da RTE-T ata 2030/2050 e teñen como principal obxectivo o de establecer unha rede de transporte completa e integrada, que abarque todos os Estados membros e rexións e que aporte a base para o desenvolvemento equilibrado de todos os modos de transporte. En conxunto, esta nova rede de transporte facilitará, entre outros aspectos, viaxes máis seguros e menos conxestionados, traxectos máis sinxelos e rápidos ou a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro no transporte nun 60% de aquí a 2050.

A RTE-T desenvolverase gradualmente mediante a aplicación dunha estratexia de dobre capa composta por unha rede principal, que deberá executarse de aquí ao 31 de decembro de 2030 e cuxos proxectos son prioritarios con vistas ao cofinanciamento da UE, e unha rede global, que deberá estar lista a máis tardar o 31 de decembro de 2050. A proposta de orientacións considera os nodos urbanos como elementos clave da rede global ao seren os puntos de conexión entre as diferentes infraestruturas de transporte, e determina que a Comisión supervisará e avaliará os progresos rexistrados na realización da rede principal. Asemade, prevé que se revise a rede principal a máis tardar en 2023.

O **cadro 5.3.3.** presenta a situación de Galicia

Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2009-10

	2009		2010 (1)		Galicia / España	
	Galicia	España	Galicia	España	2009	2010
	(en quilómetros)				(%)	
Total	79.302	655.164	79.326	655.485	12,1	12,1
A cargo do Estado	2.245	25.633	2.275	25.733	8,8	8,8
Estradas dunha calzada	1.450	14.537	1.458	14.484	10,0	10,1
Estradas de dobre calzada	80	618	79	619	12,9	12,8
Autovías e autoestradas libres	442	7.985	465	8.132	5,5	5,7
Autoestradas de peaxe	273	2.493	273	2.498	11,0	10,9
A cargo dos Entes territoriais	15.301	139.833	15.295	140.054	10,9	10,9
Comunidade Autónoma	5.435	71.076	5.430	71.464	7,6	7,6
Deputación	9.866	68.757	9.865	68.590	14,3	14,4
Outros organismos	-	-	-	-	-	-
Rede viaria municipal (2)	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6

(1) datos provisionais

(2) datos 2008

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 5.3.4.

na rede principal e global da RTE-T, onde salienta a consideración tan só do porto de A Coruña como nodal, así como a consideración de rede ferroviaria principal a liña A Coruña-Santiago-Ourense-Zamora para pasaxeiros e a saída das mercancías dos portos de A Coruña e Vigo, a través da variante por Cerdedo, cara a Ourense (alta velocidade), e de aí a Monforte de Lemos (a saída cara a León realizárase a través da rede convencional).

Infraestruturas de transporte terrestre

Respecto ás infraestruturas terrestres por estradas, os datos do *Anuario estadístico* do Ministerio de Fomento reflicten que, sen ter en conta a rede viaria municipal, a rede de estradas de Galicia no ano 2010 (último dato dispoñible) está composta por 17.570 quilómetros, dos que 15.295 km. están a cargo de Entes Territoriais e 2.475 km., a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 5.3.4.** reflicte que o 35,9% (817 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 64,5% dos mesmos, 9.865 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e os restantes 5.430 km, a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ao investimento medio na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e cabildos no período 2006-10, o **cadro 5.3.6.** amosa que en Galicia investíronse un total de 253,3 miles de euros por cada 1.000 habitantes, sendo a media estatal de 155,5 miles de euros. Galicia segue manténdose por encima da media estatal tanto se se considera o investimento correspondente á Administración central, que neses cinco anos ascendeu na comunidade galega ata os 108,8 mil euros por cada mil habitantes fronte aos 74,2 miles de euros de media en España, como si se considera o investimento dos entes territoriais, que se sitúa nos 144,5 miles de euros por cada 1.000 habitantes fronte aos 81,2 miles de euros no Estado.

Por contra, en termos de investimento por quilómetro de rede, Galicia sitúase por baixo da media española se consideramos o conxunto das administración públicas, ou o investimento do Estado. No primeiro caso, na Comunidade Autónoma galega investíronse nos cinco anos considerados un total de 40,3 miles de euros, manténdose como a oitava comunidade na que menos se inviste, por diante de Castela-A Mancha (27,0 miles de euros), Castela e León (28,6), Baleares (28,7 miles de euros), Canarias (33,2 miles de euros), Navarra (33,4), Extremadura (34,1) e Aragón (35,3).

Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2009-10 ⁽¹⁾

	2009				2010			
	Rede total / km2 de superficie	Rede total / 1.000 habitantes (2)	Vehículos parque / rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (2)	Rede total / km2 de superficie	Rede total / 1.000 habitantes (2)	Vehículos parque / rede total	Vehículos parque/1.000 habitantes (2)
Andalucía	0,27	2,83	228,87	637,94	0,27	2,76	231,39	638,96
Aragón	0,24	8,50	73,71	626,33	0,24	8,52	73,19	623,88
Asturias	0,47	4,62	130,81	604,56	0,47	4,61	132,89	612,92
Baleares	0,43	1,98	410,79	812,64	0,43	1,94	418,38	813,62
Canarias	0,60	2,12	329,52	698,35	0,60	2,11	331,67	698,52
Cantabria	0,48	4,33	151,48	656,57	0,48	4,33	153,23	663,21
Castela-A Mancha	0,24	9,31	76,05	707,76	0,25	9,36	72,52	678,51
Castela e León	0,35	12,76	49,82	635,58	0,35	12,79	52,49	671,08
Cataluña	0,37	1,60	416,83	668,07	0,38	1,60	415,91	667,45
C. Valenciana	0,37	1,68	388,62	652,95	0,36	1,64	398,20	651,50
Extremadura	0,22	8,21	82,26	675,06	0,22	8,30	82,41	684,09
Galicia	0,59	6,28	106,75	669,89	0,59	6,28	108,15	679,13
Madrid	0,42	0,52	1.285,49	672,24	0,42	0,52	1.292,43	666,96
Murcia	0,33	2,57	262,26	673,74	0,33	2,55	262,89	670,35
Navarra	0,38	6,28	107,82	677,10	0,38	6,20	109,47	678,22
País Vasco	0,58	1,94	305,66	592,28	0,58	1,93	309,60	596,70
A Ríoxa	0,36	5,71	106,14	606,09	0,36	5,69	107,39	610,90
Total	0,33	3,54	186,48	660,08	0,33	3,53	187,51	661,11

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1 de xaneiro de cada ano

Fonte: *Ministerio de Fomento*

■ 5.3.5.

Investimentos medios na rede de estradas 2006-10 ⁽¹⁾: distribución segundo administracións

	Total	Estado	Entes Territoriais			Total	Estado	Entes Territoriais		
			Total	CC.AA.	Deputacións e Cabildos			Total	CC.AA.	Deputacións e Cabildos
(2)										
(en miles de € / 1000 habs.)										
Andalucía	156,1	74,5	81,6	73,1	8,5	56,5	190,9	34,4	59,9	7,4
Aragón	300,9	247,4	53,6	34,1	19,5	35,3	134,1	8,0	8,1	7,9
Asturias	317,7	189,6	128,1	128,1	-	68,9	256,3	33,1	33,1	-
Baleares	55,8	-	55,8	-	55,8	28,7	-	28,7	-	28,7
Canarias	69,9	-	69,9	-	69,9	33,2	-	33,2	-	33,2
Cantabria	335,8	226,4	109,4	109,4	-	77,6	235,5	32,5	32,5	-
Castela-A Mancha	252,3	122,3	130,0	111,5	18,4	27,0	69,8	17,1	26,9	5,3
Castela e León	365,4	233,4	132,1	99,7	32,3	28,6	108,4	12,4	22,6	5,2
Cataluña	109,9	44,1	65,8	58,9	6,9	68,5	186,2	48,1	74,4	11,9
C. Valenciana	84,1	42,9	41,2	29,5	11,7	51,4	114,7	32,6	53,1	16,5
Extremadura	283,2	152,2	131,0	109,8	21,2	34,1	106,5	19,1	31,4	6,3
Galicia	253,3	108,8	144,5	117,9	26,6	40,3	133,8	26,4	60,7	7,6
Madrid	37,1	14,4	22,7	22,7	-	71,9	121,9	57,0	57,0	-
Murcia	128,4	41,5	86,9	86,9	-	50,4	116,5	39,6	39,6	-
Navarra	207,2	-	207,2	207,2	-	33,4	-	33,8	33,8	-
País Vasco	181,9	-	181,9	-	181,9	94,4	-	96,3	-	96,3
A Ríoxa	242,2	152,9	89,3	89,3	-	42,6	120,8	20,2	20,2	-
Total	155,5	74,2	81,2	60,4	20,8	44,1	135,7	27,3	39,8	14,2

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1 de xaneiro

Fonte: *Ministerio de Fomento*

■ 5.3.6.

Investimentos reais do Ministerio de Fomento en Galicia 2011

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
	(en miles de euros)				
Centros directivos e organismos autónomos	612.601	147.704	133.448	13.964	317.485
D. G. de Carreteras	260.967	73.933	124.210	13.655	49.169
D. G. de Ferrocarriles	349.006	72.220	8.641	309	267.836
Resto de investimento	2.628	1.551	597	-	480
Entidades Públicas	708.776	422.438	32.322	180.367	73.649
ADIF	47.216	345	865	45.393	613
AENA	188.343	157.441	-	-	30.902
RENFE	95	-	22	17	56
FEVE	1.737	595	1.142	-	-
Puertos del Estado	140.620	108.790	-	-	31.830
SEITSA	324.048	148.551	30.293	134.957	10.247
Resto de investimento	6.717	6.716	-	-	1
Total Grupo Fomento Capítulo 6	1.321.377	570.142	165.770	194.331	391.134
Capítulo 7	6.606	-	1.313	-	5.293
Total	1.327.983	570.142	167.083	194.331	396.427

Fonte: Delegación do Goberno en Galicia

■ 5.3.7.

Investimentos de RENFE nas CC.AA. 2009-10

	2009		2010	
	(en miles de €)	(%)	(en miles de €)	(%)
Andalucía	6.350,90	9,7	3.432,89	10,3
Aragón	2.173,20	3,3	108,57	0,3
Asturias	1.586,30	2,4	117,03	0,4
Illas Baleares	-	-	-	-
Canarias	-	-	-	-
Cantabria	50,50	0,1	4,62	0,0
Castela-A Mancha	844,30	1,3	238,11	0,7
Castela e León	1.197,30	1,8	330,36	1,0
Cataluña	28.382,60	43,1	8.919,72	26,8
C. Valenciana	2.083,90	3,2	2.309,73	7,0
Extremadura	-	-	-	-
Galicia	207,50	0,3	146,82	0,44
A Coruña	87,10	0,1	101,08	0,30
Lugo	-	-	-	-
Ourense	11,30	0,1	6,10	0,02
Pontevedra	87,20	0,0	39,63	0,12
Varias provincias	21,90	-	-	-
Madrid	20.056,50	30,5	16.188,49	48,7
Murcia	529,00	0,8	92,79	0,3
Navarra	-	-	-	-
País Vasco	2.319,50	3,5	1.336,28	4,0
Total asignable CC.AA.	65.781,50	100,0	33.225,41	100,0
Asignable varias CC.AA.	14.241,20	-	15.944,39	-
Non rexionalizado	1.153.021,00	-	728.593,84	-
Total	1.233.043,70	-	777.763,64	-

Fonte: Renfe Operadora

■ 5.3.8.

Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2010-11

	2010	2011	11/10
	(en miles de €)		
Total	547.309	396.858	-27,5
D.X. Infraestruturas	374.518	265.444	-29,1
D.X. Mobilidade	19.172	6.801	-64,5
Augas de Galicia	18.906	16.846	-10,9
Obras e Servizos Hidráulicos	102.231	89.014	-12,9
Portos de Galicia	32.482	18.752	-42,3

(1) no ano 2010 inclúe o investimento de Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos
 Fonte: Elaboración propia CES a partir de Xunta de Galicia

■ 5.3.9.

O investimento real dos centros directivos e organismos autónomos do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 612,6 millóns de euros, dos que a DG de Ferrocarriles acolle o 57% (349 millóns de euros) e 261 millóns de euros corresponden á DG de Carreteras (42,6%). O **cadro 5.3.7.** reflicte que Pontevedra, por mor do investimento da DG de Ferrocarriles, se sitúa como a provincia que acolle un maior investimento, con 317,5 millóns de euros, por diante dos 147,7 millóns de euros en A Coruña ou os 133,4 millóns de euros en Lugo. Nesta última provincia cómpre salientar o investimento realizado pola DG de Carreteras, con 124,2 millóns, o 47,5% do total investido por esta Dirección General en Galicia.

Ademais do investimento da DG de Ferrocarriles, a Sociedad Estatal de Infraestructuras de Transporte Terrestre (SEITTSA) investiu en Galicia un total de 280,7 millóns de euros en 2011, o que representa o 20,6% do investimento total no conxunto do Estado, e o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), 47,2 millóns de euros, o 1% do total investido en España. En relación ao acontecido no ano anterior, estes investimentos en materia ferroviaria duplicáronse no caso do SEITTSA (141,3 millóns de euros en 2010) e multiplicáronse por 3,4 no caso do ADIF (14,0 millóns no ano anterior). A provincia de Ourense acolle o 55% do citado investimento e a de A Coruña, o 40,2%.

En materia ferroviaria, o 11 de decembro inauguráronse un total de 149,2 km da liña de alta

velocidade, dos que 87,5 km corresponden á LAV Ourense-Santiago e os 61,7 restantes, á LAV Santiago-A Coruña. A pesar deste importante avance, a 31 de decembro de 2011, os tramos que se atopan en fase de estudo ou en proxecto representan en torno ao 70% da lonxitude en Galicia das liñas de AVE, existindo importantes retrasos en tramos como o de Vigo-Porriño-Fronteira portuguesa, ou a de Betanzos-Ferrol.

O **cadro 5.3.9.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Infraestructuras, a Dirección Xeral de Mobilidade, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos. En 2011 este investimento minorouse un 27,5% en relación ao ano anterior, para situarse nos 396,9 millóns de euros, dos que 265,4 millóns de euros (un 29,1% inferior ao do ano precedente) corresponden á D.X. de Infraestructuras. O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servizos Hidráulicos) caeu un 12,6%, situándose en torno aos 106 millóns de euros, e en Portos de Galicia, o investimento rexistra unha redución superior ao 40%, cun investimento de 18,7 millóns de euros.

Infraestructuras portuarias e aeroportuarias

O investimento total en infraestructuras portuarias ascendeu en Galicia a 159,4 millóns de euros, dos que o 88,2% do investimento real corresponde ao Ministerio de Fomento e o restante 12,5%, a Portos de Galicia.

Proxecto de investimentos da Dirección Xeral de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Mobilidade 2010-11

	2010	2011	11/10
	(en miles de €)		(%)
Ordenación e inspección do transporte terrestre			
Mellora da accesibilidade	11.077,5	4.494,3	-59,4
Outros investimentos	1.500,0	-	-
Infraestruturas de mellora de da accesibilidade	2.876,7	-	-
Material de transporte	100,0	-	-
Edifícios e outras construcións	100,0	-	-
Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,0	-	-
Gastos en investimentos de carácter inmaterial	3.500,0	2.306,8	-34,1
Construción, conservación e explotación de estradas			
Mellora da accesibilidade	304.328,5	225.095,3	-26,0
Infraestrutura de mellora da accesibilidade	65.935,7	35.519,0	-46,1
Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	225,0	103,5	-54,0
Material de transporte	324,0	127,0	-60,8
Mobiliario e útiles	22,5	22,0	-2,2
Gastos en investimentos de carácter inmaterial	3.682,1	4.577,5	24,3

Fonte: Xunta de Galicia

5.3.10.

No ano 2011, Puertos del Estado destinou a Galicia, tal e como indica o devandito **cadro 5.3.7.**, un total de 140,6 millóns de euros, dos que a provincia de A Coruña, por mor das obras nos portos exteriores, acolle a meirande parte do investimento. O ente autonómico Portos de Galicia destinou case 19 millóns de euros no ano 2011, un 42,3% menos que o realizado por este organismo o ano anterior.

No caso das infraestruturas aeroportuarias, o investimento de AENA en Galicia no ano 2011 incrementouse case un 60% en relación ao ano anterior, acadando os 188,3 millóns de euros. Desta contía, os aeroportos de Santiago e A Coruña recibiron un total de 157,4 millóns de euros, destinándose os restantes 30,9 millóns ao aeroporto de Vigo.

Parques empresariais

Segundo os datos publicados no *Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais*, no ano 2011 a superficie bruta ofertada ascendía a 40,2 millóns de metros cadrados, dos que 35 millóns corresponden a solo empresarial en funcionamento. Tal e como reflicte o **cadro 5.3.11.**, a

superficie neta en funcionamento era de 22,6 millóns de metros cadrados, dos que o 7,8% estaba dispoñible para a venda.

A provincia de A Coruña é a que ten máis solo empresarial en funcionamento, con 11,8 millóns de metros cadrados, dos que tan só o 5,4% estaba dispoñible para a venda. En Pontevedra, a superficie neta ascende a 5,5 millóns de metros cadrados, dos que a porcentaxe de dispoñibilidade é do 10,6%. O devandito **cadro 5.3.11.** reflicte que na área funcional de A Coruña a superficie neta de solo empresarial en funcionamento ascendía a 7,2 millóns de euros, sendo a dispoñibilidade de venda do 3,2%. Séguelle en importancia as áreas funcionais de Vigo e Ferrol, con 4,2 e 3,0 millóns de metros cadrados, pero a diferenza do que acontece en A Coruña, a porcentaxe de superficie dispoñible para a venda é moi superior á media galega, cun 12,9% e 13,2%, respectivamente.

No que atinxe ás previsións de solo empresarial, o **cadro 5.3.12.** reflicte que as áreas empresariais que están en fase de tramitación suman un total de 18,1 millóns de metros cadrados, e os que están en fase de estudo, 16,4 millóns de

Oferta real de solo empresarial 2011: distribución segundo áreas funcionais

	En funcionamento			En execución		
	superficie bruta (m ²)	superficie neta	sup.disp./ sup.neta (%)	superficie bruta (m ²)	superficie neta	sup.disp./ sup.neta (%)
A Coruña	17.918.045,5	11.832.077,2	5,4	2.565.627,0	1.433.939,0	91,8
A Coruña	10.680.475,3	7.225.246,0	3,2	1.609.027,0	850.760,0	86,2
Ferrol	4.687.163,2	2.957.774,0	13,2	-	-	-
Santiago	2.550.407,0	1.649.057,2	0,8	956.600,0	583.179,0	100,0
Lugo	3.067.547,0	1.996.148,0	22,3	686.227,0	468.073,4	70,6
Lugo	2.117.366,0	1.377.291,0	20,6	568.449,0	386.870,4	64,4
As Mariñas	386.360,0	238.375,0	6,2	-	-	-
Terra de Lemos	563.821,0	380.482,0	38,5	117.778,0	81.203,0	100,0
Ourense	4.991.133,5	3.360.600,2	3,0	85.665,0	56.729,0	71,7
O Barco-Valdeorras	101.773,7	61.064,2	-	54.619,0	35.521,0	100,0
Ourense	4.847.334,8	3.274.321,0	3,1	31.046,0	21.208,0	24,3
Verín	42.025,0	25.215,0	-	-	-	-
Pontevedra	9.058.578,4	5.456.378,9	10,6	1.781.359,1	1.071.775,0	92,7
Lalín	746.687,4	522.138,0	6,3	134.027,0	81.504,0	100,0
Pontevedra	1.175.256,0	775.368,3	0,9	1.381.140,1	817.061,0	90,4
Vigo	7.136.635,0	4.158.872,6	12,9	266.192,0	173.210,0	100,0
Total	35.035.304,4	22.645.204,3	7,8	5.118.878,1	3.030.516,4	88,5

Fonte: IGVS

■ 5.3.11.

Oferta prevista de solo empresarial 2011: distribución segundo áreas funcionais

	En tramitación		En estudio	
	actuacións	superficie neta (m ²)	actuacións	superficie neta (m ²)
A Coruña	33	11.832.077,2	21	1.433.939,0
A Coruña	12	7.225.246,0	8	850.760,0
Ferrol	5	2.957.774,0	-	-
Santiago	16	1.649.057,2	13	583.179,0
Lugo	32	1.996.148,0	23	468.073,4
Lugo	23	1.377.291,0	19	386.870,4
As Mariñas	4	238.375,0	2	-
Terra de Lemos	5	380.482,0	2	81.203,0
Ourense	36	3.360.600,2	20	56.729,0
O Barco-Valdeorras	4	61.064,2	2	35.521,0
Ourense	24	3.274.321,0	14	21.208,0
Verín	8	25.215,0	4	-
Pontevedra	20	5.456.378,9	5	1.071.775,0
Lalín	2	522.138,0	-	81.504,0
Pontevedra	9	775.368,3	2	817.061,0
Vigo	9	4.158.872,6	3	173.210,0
Total	121	22.645.204,3	69	3.030.516,4

Fonte: IGVS

■ 5.3.12.

metros cadrados. A provincia de A Coruña é a que ten previsto unha maior superficie de solo empresarial, con 17 millóns de metros cadrados

(6,7 millóns en fase de tramitación), seguida de Pontevedra, con 9,3 millóns de metros cadrados (4,6 millóns en fase de tramitación). ■

GLOSARIO DE SIGLAS UTILIZADAS NESTA MEMORIA

ADIF: Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.	EPA: enquisa de poboación activa.
AENA: Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea.	EPOSH: Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos
AENOR: Asociación Española de Normalización e Certificación.	ESO: Educación Secundaria Obrigatoria
AES: Axuda de Emerxencia Social	ETT: empresa de traballo temporal
AFD: Acción formativa a desempregado.	Eurostat: oficina estatística da Comisión Europea
AGADIC: Axencia Galega de Industrias Culturais	FBCF: formación bruta de capital fixo
AGASP: Academia Galega de Seguridade Pública.	FCI: fondo común de investimento
AIMC: Asociación para la investigación de medios de comunicación	FEDER: Fondo europeo de desenvolvemento rexional
ANPAS: Asociación de nais e pais de alumnos.	FEADER: Fondo europeo agrícola de desenvolvemento
APLU: Axencia de Protección da legalidade urbanística	FEAGA: Fondo europeo agrícola de garantía
BRC: British Retail Consortium	FEP: Fondo europeo de pesca
C.A: comunidade autónoma.	FCA: fondo da comunidade autónoma
CAU: Centro de Atención ao Usuario.	FMI: fondo monetario internacional
CC.AA.: comunidades autónomas	FOEXGA: Plan de Fomento das Exportacións Galegas.
CC.LL.: corporacións locais	FOGGA: Fondo galego de Garantía Agraria
CDTI: Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.	FROB: Fondo de reestructuración ordenada bancaria
CE: Comunidad Europea	FUNGA: Fundación galega para o impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.
CEAGA: Cluter de empresas de automoción de Galicia	G/E: Galicia / España.
CES: Consello Económico e Social	I+D: investigación + desenvolvemento
CIXTEC: centro informático para a xestión tributaria, económico, financeiro e contable.	I+D+i: investigación + desenvolvemento + innovación
CNAE: Clasificación Nacional de Actividades Económicas	I+E+E: iniciativa emprendedora e de emprego
COP17/CMP7:Conference of the Parties (COP17) to the United Nations Framework Convention on Climate Change (UNFCCC)	IEBT: Iniciativa de emprego de base tecnolóxica
CRTVG: Compañía de Radiotelevisión de Galicia	IEC: International Electrotechnical Commission
DO: Denominación de orixe	IGAPE: Instituto galego de promoción económica
DOG: Diario oficial de Galicia	ICG: Instituto Galego de Consumo
DOP: Denominación de Orixe Protexida	IFS: International Food Standards
DOT: Directrices de Ordenación do Territorio.	IGE: Instituto galego de estadística.
EDO: enfermidade de declaración obrigatoria	IGVS: Instituto galego de vivenda e solo.
EGAP: Escola Galega de Administración Pública	ILE: empresa innovadora privada.
EGM: Estudio General de Medios	INE: Instituto nacional de estadística.
EIL: empresa de inserción laboral	INEGA: Instituto Enerxético de Galicia .
	IPI: índice de prezos industriais.
	IRPF: imposto sobre a renda das persoas físicas.

ISO: International Organization for Standardization.

IUNE: Observatorio da Actividade Investigadora na Universidade Española.

IVE: imposto de valor engadido.

IXP: Indicación Xeográfica Protexida.

LAN: local area network, rede de área local.

LISMI: Lei de Integración Social do Minusválido.

OCDE: Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos.

OJD: Oficina de Justificación de la Difusión.

OHSAS: Occupational Health and Safety Assessment Series.

ONG: organización non gubernamental.

OPEP: Organización de Países Exportadores de Petróleo.

PAI: punto de atención á infancia.

PIA: programa individual de atención.

PIB: producto interior bruto.

POL: Plan de Ordenación do Litoral.

PPCC: programas de cooperación.

R.E.: Réxime especial.

RIE: Rexistro de Inversións Exteriores.

RISGA: Renda de Inserción Social de Galicia.

RTE-T: Rede Transeuropea de Transporte.

SA: sociedade anónima.

SAU: superficie agraria útil.

SEITTSA: Sociedad Estatal de Infraestructuras de Transporte Terrestre.

SERGAS: Servicio Galego de Saúde.

SGPIHM: Servicio galego de promoción da igualdade do home e da muller .

SIDA: Síndrome de inmunodeficiencia adquirida.

SL: sociedade limitada.

SNS: Sistema Nacional de Salud.

SOVI: Seguro obligatorio de velez e invalidez.

SPI: Sociedade Pública de Inversións.

TARIC: arancel aduanero común.

TGSS: Tesorería General de la Seguridad Social.

TIC: Tecnoloxías da información e a comunicación.

UDC: Universidade de A Coruña.

UE: Unión Europea.

UEM: Unión Monetaria Europea.

UNE: Una Norma Española.

UPD: unidade de promoción e desenvolvemento.

USC: Universidade de Santiago de Compostela.

UVigo: Universidade de Vigo.

VEB: valor engadido bruto.

